

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de outubro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día sete de outubro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do segundo tenente de Alcaldía, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, (resolución do 6/10/16), coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(932).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 23 de setembro de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(933).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA”. EXPTE. 130417/301.

Visto o informe xurídico do 23/09/16 e informe de fiscalización do 04/10/16, dáse conta do informe-proposta do 23/09/16, da xefa do servizo de Benestar Social, conformado polo xefe de Área, pola concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Á vista dos informes emitidos e da demais documentación que consta no expediente de referencia e tendo en conta que na L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, indícase que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a prórroga do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa”, desde o 15 de outubro de 2016 ata o 14 de outubro de 2017.

SEGUNDO: Aprobar un máximo de 120 prazas para este programa, ata o 14 de outubro de 2017, sempre e cando a suma dos importes medios mensuais non exceda do orzamento total anual que se estipula para este convenio.

TERCEIRO: Aprobar o prezo de 1,67 €/día por persoa que pagará o Concello de Vigo ó Consorcio por cada persoa usuaria do programa.

CUARTO: Autorizar o gasto de 80.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.08 (“Programa Xantar na Casa”). Desta cantidade, imputaranse 12.200 € ó ano 2016 e 67.800 € ó exercicio de 2017».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(934).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE PARTICIPACIÓN NA UTE TITULAR DA CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DAS RÚAS URZÁIZ E PRAZA DA INDEPENDENCIA. EXPTE. 5710/241.

Dáse conta do informe-proposta do 4/10/16, da técnica de Admón. Xeral, xefa do servizo de Contratación, conformado pola titular da Asesoría Xurídica, polo interventor xeral e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 13/1995, de 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas (LCAP).
- Regulamento xeral de contratación do Estado, aprobado por Decreto 3410/1975, de 25 de novembro (RGCE).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Lei 18/1982, de 26 de maio, sobre Réxime Fiscal de Agrupacións e Unións Temporais de Empresas e das Sociedades de Desenvolvemento Rexional (LUTE).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para adxudicar mediante concurso público a redacción dos proxectos básicos e proxectos de execución, construción e explotación de dous aparcadoiros subterráneos no subsolo da Praza da Independencia e na rúa Urzáiz aprobado por acordo plenario de data 3 de novembro de 1998 (PCAP).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, del patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 15 de abril de 1999, acordou a adxudicación da concesión administrativa de dominio público para a redacción dos proxectos, construción e explotación de dous aparcadoiros subterráneos no subsolo da Praza da Independencia e na rúa Urzáiz á favor da UTE Eloymar – Tranvías, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas aprobados por acordo plenario de data 3 de agosto de 1998, formalizándose o contrato en data 1 de xullo de 1999.

Segundo.- D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da UTE ELOYMAR, S.A. – TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de setembro de 2016, solicita autorización do órgano de contratación para ceder o 40% da participación de TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., na citada UTE, a COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.

Coa solicitude axunta a seguinte documentación: a escritura de constitución da sociedade cesionaria, os seus estatutos e o compromiso de integración da solvencia dos actuais membros da UTE coa da mesma.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

Lexislación aplicable á cesión solicitada

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta cesión. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 13/1995, de 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas (LCAP).
- Regulamento xeral de contratación do Estado, aprobado por Decreto 3410/1975, de 25 de novembro (RGCE), no que non se opoña a LCAP.

-II-

Da natureza das Unións temporais de empresas e o seu réxime xurídico

É preciso comezar por definir que é unha Unión Temporal de Empresas (UTE). Unha UTE é unha forma de colaboración entre empresarios, que da lugar a unha organización distinta da dos seus membros, pero sen personalidade xurídica propia ou diferenciada. A Lei 18/1982, de 26 de maio, sobre Réxime Fiscal de Agrupacións e Unións Temporais de Empresas e das Sociedades de Desenvolvemento Rexional (LUTE) defínea como “sistema de colaboración entre empresarios por tempo certo, determinado ou indeterminado, para o desenvolvemento ou execución dunha obra, servizo ou fornezo” (artículo 7.1 LUTE). Tal e como di a Junta de Contratación Administrativa da Comunidade de Aragón, no seu informe 2/2012, de 1 de febreiro, “Se trata, por lo tanto, de una asociación para empresarios que- manteniendo su independencia jurídica, y siendo sus miembros los que asumen la condición de contratistas- disponen durante su vigencia del contrato de una estrategia de dirección unitaria para su ejecución, a la que no podrían hacer frente de manera individualizada”.

Esmeralda Pérez Paredes, no seu estudo “As unións temporais de empresas na contratación pública”¹, considera con respecto á súa natureza xurídica que se caracteriza por ser un sistema asociativo de colaboración empresarial que, aínda que implica unha estrutura organizativa común, nunca chega a conformar a existencia dun suxeito de dereito distinto dos propios empresarios que a integran.

No ámbito da contratación pública é unha figura que facilita o que dous ou máis empresarios, poidan concorrer xuntos a unha licitación. Ou ben porque individualmente carecen da solvencia esixida no procedemento de que se trate, nese caso o artigo 288 do RGCE, e actualmente o 24 do RLCAP permiten, a efectos de determinar a solvencia da unión temporal (agrupación temporal na terminoloxía do RGCE), acumular as características

1 Anuario Aragonés del Gobierno Local 2012/04/2013 pp 361-402

acreditadas por cada un dos integrantes da mesma, e no caso de que se esixa clasificación, o artigo 288 (artigo 52 do RLCAP) permítelles a acumulación das clasificacións. Ou ben, por razóns de oportunidade, para repartir os riscos empresariais do contrato. En calquera caso, a posibilidade de concorrer en UTE por dúas ou máis empresarios favorece unha maior concorrencia nas licitacións públicas e potencia a participación das pymes nas mesmas.

O problema que suscitan as UTES é a escasa regulación das mesmas. A súa regulación contense fundamentalmente na citada Lei 18/1982, de 26 de maio, sobre Réxime Fiscal de Agrupacións e Unións Temporais de Empresas e das Sociedades de Desenvolvemento Rexional (LUTE). Aínda que, esta norma dedica un artigo a fixar o seu concepto (artigo 7) e outro a regular os seus requisitos (artigo 8), o resto dos preceptos regulan basicamente os aspectos fiscais das mesmas.

No ámbito da lexislación contractual a regulación é igual de parca. A LCAP dedícalles un único artigo, o 24, e o mesmo sucede co TRLCSP, que dedícalles o 59. O RLCAP os dous artigos citados, o 24 e o 52, aínda que se menciona nalgún outro de ambos corpos legais. E o RGCE cítaa en varios preceptos sen dedicarlles especificamente ningún.

Desta regulación podemos extraer as principais notas que caracterizan á UTE:

1. A falta de personalidade xurídica (artigo 7.2 da LUTE).
2. O seu carácter temporal. Constitúese para a execución dun contrato concreto e deberán ter unha duración idéntica á da obra, servizo ou fornezo que constitúa o seu obxecto (artigos 7.1 e 8.c LUTE, 24.1 LCAP e 59.3 TRLCSP). A LUTE fixa como duración máxima da UTE 25 anos, salvo que se trate de contratos que comprendan a execución de obras e explotación de servizos públicos. Nese caso, a duración máxima será de cincuenta anos (artículo 8.c LUTE), como no caso que nos ocupa.
3. A obrigaón de formalizarse a súa constitución en escritura pública subscrita ante Notario (artículo 8.e LUTE, 24.1 LCAP e 59.1 TRLCSP).
4. O órgano de administración da unión será un representante ou apoderado único, nomeado polos membros da UTE, con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigaóns derivadas do contrato (artigos 8.e.1.6 LUTE, 24.1 LCAP e 59.2 TRLCSP). Aínda que, admítese a existencia de poderes mancomunados para pagos e cobros de contía significativa (artigos 24.1 LCAP e 59.2 TRLCSP).
5. O réxime de responsabilidade solidaria dos empresarios integrantes da UTE (artigos 8.e.1.8 LUTE, 24.1 LCAP e 59.2 TRLCSP).

-III-

Da cesión de participación no capital dunha UTE

A UTE titular da concesión de dominio para a construción e explotación dos aparcadoiros subterráneos da rúa Úrzaiz e a Praza da Independencia solicita autorización para a cesión de parte do capital co que un dos integrantes da mesma participa na UTE a un terceiro.

O primeiro problema co que nos atopamos á hora de determinar se é posible, ou non, acceder ao solicitado, é que tratase dunha cuestión carente de regulación, tanto na normativa contractual, como na específica das UTES. Para resolver a mesma é preciso acudir, en primeiro lugar, á doutrina xurisprudencial, pois a xurisprudencia complementará o ordenamento xurídico, por imperativo do artigo 1.6 do CC. Analizaremos tamén a doutrina

fixada polos órganos consultivos da Administración, así como polos tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública.

Efectivamente, a lei so regula a cesión do contrato a un terceiro, pero non regula: nin a transmisión de todo o parte do capital social no caso das sociedades de capital, sexa entre socios ou a terceiros; nin tampouco a transmisión, de todo o parte, da participación nunha UTE, entre os integrantes da mesma ou a terceiros.

Con carácter previo ó análise da xurisprudencia e a doutrina ao respecto, é preciso recordar unha das notas fundamentais que caracterizan á UTE: o réxime de responsabilidade solidaria dos empresarios integrantes da mesma. Partindo desta característica do seu réxime xurídico, o informe da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de Andalucía 3/2002 determina que “La redistribución de los porcentajes de participación entre los mismos miembros integrantes de una unión temporal de empresarios no altera el sistema de responsabilidad solidaria que afecta a todos y a cada uno de los empresarios”. De aquí podemos extraer unha primeira conclusión, aplicable tanto se a cesión prodúcese entre membros da UTE ou a favor dun terceiro, cal é que: tratándose dunha cesión parcial da participación dun dos integrantes da UTE, a mesma non afecta ás garantías que ostenta á Administración contratante fronte un eventual incumprimento do contrato ou de responsabilidades derivadas da execución do mesmo. Esta poderá esixir á mesma, tanto a calquera dos integrantes iniciais da UTE, como ao terceiro cesionario dunha parte da mesma. Pois tal e como establece o artigo 1137 do CC, nas obrigacións solidarias concorren varios acredores, ou varios debedores, ou varios acredores e varios debedores, de maneira que cada acredor pode pedir e cada debedor debe prestar integramente as cousas obxecto da obriga. A característica esencial da solidariedade é a posibilidade de que o acredor diríxase indistintamente e polo total da débeda, contra calquera dos seus debedores solidarios, se ben nas relacións internas entre os mesmos, cada un deles é acredor ou debedor pola súa parte.

Respecto da cesión do contrato a un dos integrantes da UTE, existen diversos informes de órganos consultivos admitindo esta posibilidade. Así, por todos eles citaremos o da Junta Superior de Contratación Administrativa de la Generalitat Valenciana 09/2011, no que analizase a posibilidade da transmisión do contrato a un dos membros da UTE motivado pola entrada en concurso doutro, con apoio na xurisprudencia do Tribunal de Justicia de la Unión Europea (Asunto C-454/06, Presstext Nachrichtenagentur GmbH), e no que se dí “cuando se trata de meras reorganizaciones internas, habida cuenta que la persona jurídica en concreto participó en un procedimiento de licitación previo, los cambios eventuales en la composición no suponen en principio una modificación sustancial del contrato adjudicado. Esta respuesta jurisprudencial sería aplicable a la UTE afectada por la situación concursal de uno de sus miembros, pues los motivos que conducen a la cesión no restringen ni la libre competencia ni suponen una alteración sustancial del contrato, sino que se debería a una reorganización interna en las partes que continúan la ejecución mediante la cesión del contrato, que obviamente deberían proceder a una restructuración importante (porcentaje de participación, gerencia...) y que fueron partícipes del procedimiento selectivo previo de contratación”. Coincide a doutrina consultiva en esixir, sexa a cesión do contrato á un dos compoñentes da UTE o a un terceiro, os requisitos fixados pola lexislación contractual para a cesión dos contratos. Así, nesta liña, o informe da JCCA de Baleares 1/04, de 30 de setembro de 2004, “si se cumplen los requisitos del art. 114.2 de la LCAP [Art. 226 TRLCSP], el socio de una UTE adjudicataria de un contrato administrativo, en este caso de obras, podrá ser cesionario de ése contrato”. Na mesma liña, o informe da Junta Consultiva de Andalucía 10/2012, sinala que “El precepto transcrito no contiene restricción alguna en

relación con los sujetos cedentes y cesionarios de los contratos.(...) La sola disposición de la UTE sin sujetarse previamente al régimen de cesión del contrato la colocaría en una causa de resolución del contrato por incumplimiento del mismo, con las consecuencias que para estos supuestos prevé la legislación de contratos públicos.”

Recapitulando sobre o exposto, podemos afirmar, a xuízo da informante, que se non existe inconveniente en autorizar a cesión do contrato a un dos membros da UTE, canto menos existirá en autorizar a cesión dunha parte da participación dun dos membros da UTE, sexa a outro dos membros da mesma, ou a un terceiro. Pois non esquezamos que, tanto os membros orixinarios da UTE como o novo membro, responderán solidariamente ante a Administración das obrigas dimanantes do contrato. Esta circunstancia, a citada cesión, non afectará a Administración, senón a organización interna da UTE.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a cesión dos contratos

Unha vez fixada a posibilidade de autorizar a cesión de parte da participación na UTE dun dos seus membros a un terceiro, resta examinar a concorrencia dos requisitos esixibles á mesma.

Como xa se dixo no fundamento xurídico III, a doutrina fixada polos órganos consultivos da Administración, determina que nos casos de cesión do contrato a un membro da UTE ou a un terceiro é preciso esixir os requisitos fixados na lexislación contractual para a cesión dos contratos. E aínda que neste caso non se contempla a cesión do contrato, senón a dunha parte da participación na UTE dun dos seus membros, por seguridade xurídica, parece convínente esixir o cumprimento dos mesmos.

O presuposto básico da cesión é que o contrato sexa susceptible de cesión. O artigo 226.1 non permite a cesión nos seguintes supostos:

- Cando as calidades técnicas ou persoais do cedente fosen razón determinante da adxudicación do contrato.
- Cando da cesión resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.
- Cando a cesión supoña unha alteración substancial das características do contratista si estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Os requisitos indispensables para a cesión do contrato están recollidos no artigo 226.2 do TRLCSP. Estes son:

- Requisitos obxectivos:
 - Que o cedente teña executado polo menos un 20% do importe do contrato ou, cando se trate da xestión de servizo público, que efectúe a súa explotación durante polo menos unha quinta parte da súa duración.
- Requisitos subxectivos:
 - Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración.

- Non estea incurso nunha prohibición de contratar.
 - Teña a solvencia esixible ou, no seu caso, a debida clasificación si foi esixida ao cedente.
- Requisitos formais:
- Que o órgano de contratación autoríceo previa e expresamente.
 - Que a cesión se formalice entre o adxudicatario e o cesionario en escritura pública.

O PCAP que rexe este contrato, na cláusula VI esixe, como requisito adicional á cesión do contrato que na escritura pública na que se formalice a xestión “se estableza que os dereitos transmitidos extinguiranse automaticamente ó vencemento do prazo contractual inicial, revertendo as obras e instalacións ó Concello de Vigo, sen indemnización”. No entanto, dado que neste suposto non se cede o contrato senón unha parte da participación dunha sociedade nunha UTE non procede esixir este requisito.

Analizaremos a continuación se o presente contrato é susceptible de cesión, e en caso afirmativo, se concorren os requisitos legais para a autorización da cesión do mesmo.

O obxecto do contrato que nos ocupa é a construción e explotación de dous aparcadoiros públicos. Pola natureza das prestacións obxecto do contrato no PCAP non se esixiu ningunha característica técnica ou persoal ó contratista, nin se adxudicou en atención as súas calidades.

A cesión do presente contrato non resulta ningunha restrición da competencia pois non afecta de modo significativo ó mercado do sector, pois das prazas de aparcadoiro público existentes na cidade representa unha pequena porcentaxe, nin é tampouco un contrato estratéxico.

Comprobado que o contrato que nos ocupa é susceptible de cesión, resta comprobar si se cumpren os requisitos esixidos pola lei para a cesión do contrato. Dos requisitos citados, é preciso comprobar se concorren os obxectivos e os subxectivos, por canto, respecto ós requisitos formais, a autorización do órgano de contratación so poderá outorgarse de concorrer aqueles, e a formalización por escrito é posterior ó acordo de autorización.

Respecto ó cumprimento dos requisitos obxectivos, hai que por de releve que xa se efectuou a explotación durante máis dunha quinta parte da súa duración. Efectivamente, o prazo do contrato é de 65 anos a contar dende a súa adxudicación, e a mesma outorgouse por acordo plenario de 15 de abril de 1999, polo que transcorreron 17 anos e 5 meses do prazo contractual, sendo a quinta parte do mesmo 13 anos.

En relación á acreditación dos requisitos subxectivos, coa solicitude de cesión, o solicitante achega a seguinte documentación:

- Declaración xurada presentada por D. Roberto Fontán Domínguez, en nome e representación de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L., no que esta última declara:
- reunir os requisitos de capacidade xurídica e de obrar
 - non estar incurso en prohibición de contratar co sector público
 - estar o corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social

- coñecer os pregos que rexen o presente contrato e aceptalos incondicionalmente
 - comprometese á aceptar a cesión do contrato, caso de que sexa autorizada polo órgano de contratación
 - comprometese a prestar a garantía definitiva e a elevar a escritura pública o acordo de cesión
- Certificacións de estar o corrente das súas obrigas tributarias co Estado, a Xunta de Galicia, a Seguridade Social e a Administración municipal.
 - Copias do DNI do representante, da escritura de constitución da sociedade e dos estatutos.
 - Compromiso de integración da solvencia de ELOYMAR, S.A., e TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., a favor de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.

Comprobada a documentación achegada, quedan acreditados os requisitos de capacidade xurídica e de obrar, e a solvencia do cesionario para subrogarse na posición do cedente no presente contrato, así como que esta o corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coas diferentes administracións territoriais e coa Seguridade Social.

Podemos concluír que, dado que o contrato é susceptible de cesión, que cúmprense os requisitos obxectivos e subxectivos esixidos polo artigo 226 do TRLCSP, procedería outorgar a autorización solicitada para a cesión do contrato. Pois, tal e como establece a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, “el control de los requisitos enunciados se lleva a cabo a través de la preceptiva autorización previa y expresa del órgano de contratación. Como ha señalado desde ya hace tiempo el Consejo de Estado (Dictamen 36898/1970, de 9 de julio), «dicha autorización debe entenderse no como un nuevo otorgamiento discrecional, sino como un mero control de la regularidad de la transmisión», de lo cual se infiere un cierto carácter reglado en el otorgamiento de la autorización, sin perjuicio del matiz discrecional que implica la valoración de las cualidades técnicas y personales del cedente como determinantes, o no, de la adjudicación del contrato. En cualquier caso, la autorización del órgano de contratación reviste carácter preceptivo, sin la cual la cesión (insistimos, que es un negocio privado entre empresas) carece de efectos jurídicos frente a la Administración. En consecuencia, la respuesta de la Administración a la cesión contractual solo podrá ser negativa si, de forma motivada, se argumenta que el cesionario no acredita la solvencia y capacidad adecuadas para sustituir al contratista originario” (Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón).

No presente caso, dado que non se modifica o adxudicatario do contrato, a UTE ELOYMAR, S.A. - TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., non procede devolver a garantía definitiva ao cedente e esixila ó cesionario.

-V-

Formalización do acordo de cesión do contrato

Outorgada a autorización para a cesión, para que esta se perfeccione e produza efectos xurídicos é preciso que se formalice en escritura pública, requisito formal constitutivo da mesma (artigo 226.2.d do TRLCSP).

Consecuentemente, a cesión de parte da participación de TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., a favor de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L., deberá formalizarse en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos. E formalizada a cesión deberá ser comunicada ao Concello. A falta de

previsión legal, fíxase como prazo para esta comunicación un mes, prazo que estimase suficiente para cumprimentar este trámite.

-VI-

Competencia

Respecto ao órgano competente para a resolución do presente expediente, a cláusula VI do PCAP atribúe a mesma ó Pleno. No entanto, para determinar á competencia é preciso acudir ás normas vixentes que determinan a mesma no intre no que se produce. En consecuencia, correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

No presente caso non é preceptivo o informe da Asesoría Xurídica nin a fiscalización da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), ó non comportar gasto para a Administración municipal. Neste senso pronúnciase a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no seu informe 24/1996, que determina que non é necesaria a fiscalización previa xa que a cesión non orixina para a Administración ningunha obriga que non estea xa contemplada no contrato cedido. Criterio seguido tamén polo Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón.

No entanto, para outorgarlle maiores garantías de seguridade xurídica á citada proposta, sométese ao informe da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención.

-VII-

Acordo

Á vista da lexislación aplicable podemos concluír que non existe inconveniente para acceder ó solicitado, condicionádo o cumprimento dos requisitos legais.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar á UTE UTE ELOYMAR, S.A. - TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., a cesión do 40% da participación de TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., na UTE a COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.

2º.- A cesión producirá efectos unha vez que se formalice en escritura pública. Deberá entregarse ao Concello unha copia da escritura pública de formalización no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o outorgamento da mesma.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(935).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE, DAS OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE COMESAÑA E MEIXOEIRO. EXPTE. 15371/333.

Dáse conta do informe-proposta do 04/10/16, do coordinador deportivo, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2016, acordou a aprobación do expediente de contratación por lotes das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e o Meixoeiro.

2.- Fundamentos xurídicos:

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 14667/333, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o citado expediente defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que "as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades".

Na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde poden ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería esta a que nomease ao referido facultativo).

O artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das ac-

tividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

3.- Proposta:

En relación o citado expediente para a contratación por lotes, pola modalidade de procedemento aberto das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e o Meixoeiro (expte 14667-333), dende a Concellería de Deportes considérase adecuada a realización da seguinte proposta:

–Como directores facultativos das obras a D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais adscritos á Oficina de Proxectos e Obras da Xerencia de Urbanismo.

–Como coordinadores de seguridade e saúde a D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais adscritos á Oficina de Proxectos e Obras da Xerencia de Urbanismo.

En conclusión, cos antecedentes indicados e tendo en conta que o obxecto das obras descritas nos proxectos de obra aprobados, consisten na mellora de aspectos esenciais desas instalacións a través da reparación de distintos elementos deteriorados, considérase adecuado o nomeamento dos técnicos mencionados en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da dirección facultativa, así como do coordinador de seguridade e saúde correspóndelle o órgano de contratación, de acordo o estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: aprobar o nomeamento como directores facultativos das obras a D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais adscritos á Oficina de Proxectos e Obras da Xerencia de Urbanismo.

Segundo: aprobar o nomeamento como coordinadores de seguridade e saúde a D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais adscritos á Oficina de Proxectos e Obras da Xerencia de Urbanismo.

Terceiro: delegar no concelleiro-delegado de Deportes os diferentes trámites a aprobar no ámbito da execución da obra: aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos, aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra, aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade e das certificacións da mesma.

Cuarto: do presente acordo, darase traslado á empresa adxudicaria do procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e o Meixoeiro (expte 14667-333).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(936).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XXI CROSS CASTRO SAN MIGUEL, O VINDEIRO DOMINGO 9 DE OUTUBRO DE 2016. EXPTE. 15030/333.

Dáse conta do informe-proposta do 04/10/16, do coordinador deportivo, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade AGRUPACIÓN DEPORTIVA CASTRO SAN MIGUEL, con CIF (G36657856), solicitou o día 2-02-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160012010), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: XXI CROSS CASTRO SAN MIGUEL*
- *Data: 9 DE OUTUBRO DE 2016*
- *Horario: DE 08.00H A 14.00H*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 9 de outubro de 2016, a proba comezará ás 8.00h e rematará aproximadamente ás 14.00h. A carreira levarase a cabo integramente no Parque de Castrelos.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Seguridade*
- *Protección Civil*
- *Montes, parques e xardíns*
- *Festas*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a entidade AGRUPACIÓN DEPORTIVA CASTRO SAN MIGUEL, con CIF (G36657856), a organizar a proba deportiva denominada XXI CROSS CASTRO SAN MIGUEL, o vindeiro domingo 9 de outubro de 2016, a proba comezará ás 8.00h e rematará aproximadamente ás 14.00h. A carreira constará de dúas voltas unha de 585 m e outra de 1000m, todas as probas se levarán a cabo integramente no Parque de Castrelos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(937).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO TROFEO CONCELLO DE VIGO DE CICLISMO, O VINDEIRO DOMINGO 9 DE OUTUBRO DE 2016. EXPTE. 15278/333.

Dáse conta do informe-proposta do 04/10/16, do coordinador deportivo, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club Ciclista Ría de Vigo, con CIF (G36745107), solicitou o día 10-08-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160108956), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: TROFEO CONCELLO DE VIGO DE CICLISMO
- Data: 9 DE OUTUBRO DE 2016
- Horario: DE 09.00H A 13.30H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 9 de outubro de 2016, a proba comezará ás 09.00h e rematará ás 13.30h: Terá a súa saída dende a Avda de Beiramar entre Casa Mar e a Gasolinera de Bouzas, o tráfico se pechará dende o tramo comprendido entre Eduardo Cabello e a gasolinera do Berbés mailo tramo do túnel Vigo-Bouzas dende a Paellera..

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Seguridade
- Protección Civil

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización

para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a entidade Club Ciclista Ría de Vigo, con CIF (G36745107), a organizar a proba deportiva denominada TROFEO CONCELLO DE VIGO DE CICLISMO, o vindeiro domingo 9 de outubro de 2016. A proba comezará ás 09.00h e rematará ás 13.30h: Terá a súa saída dende a Avda de Beiramar á altura de Casa Mar e percorrerá ata a Gasolinera de Bouzas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(938).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIAS. EXPTE. 2288/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 01/09/16 e informe de fiscalización do 27/09/16, dáse conta do informe-proposta do 23/09/16, asinado pola técnica xurídica-xefa de Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF).

Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución do 27 de maio de 2016 o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda acordou iniciar o expediente dun contrato maior de servizos para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, de servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado pola Directora de Ingresos de data 26 de maio de 2016.
- Resolución do Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda de data 27 de maio de 2016 pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) redactado pola Directora de Ingresos e asinado con data 1 de xullo de 2016, así como a memoria xustificativa do contrato da mesma data.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 21 de xullo de 2016 no que se manifesta que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos "Servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias ", asinado pola xefa do servizo de contratación en data 1 de setembro de 2016.
- Informe de data 1 de setembro de 2016 ao prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Letrada-Xefa de Asesoramento (en ausencia da Titular da Asesoría Xurídica) no que se informa "que non se aprecia ningunha cláusula manifestamente contraria a dereito, sen prexuízo do que poida resultar do seu exame pola Intervención municipal"

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De acordo co disposto no artigo artigo 109.1 do TRLCSP, o expediente de contratación iníciarase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada por Acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2014 nos concelleiros de Área. O Concelleiro de Orzamentos e Facenda en resolución de 27 de maio de 2016 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente constan, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola Directora de Ingresos con data 1 de xullo de 2016, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Contratación o 1 de setembro de 2016.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto no artigo 115.6 do RDL 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o TRLCSP , en relación coa Disposición Adicional Segunda, apartado 7 e 8 do TRLCSP, artigo 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, Disposición Adicional Oitava apartado e) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, a Letrada-Xefa de Asesoramento (en ausencia da Titular da Asesoría Xurídica) emite informe preceptivo con data 1 de setembro de 2016.

Quinto.- No artigo 109.3 e apartado 8 da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP se establece que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, o incorporará a Intervención Xeral previo á aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición Adicional Segunda apartados 3º e 8º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP), e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Aprobar o expediente para a contratación, con tramitación anticipada de gasto, dos “Servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias”, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 1 de xullo de 2016 e o prego de cláusulas administrativas particulares de 1 de setembro de 2016, por importe de 1.440.000€ e prazo de execución de 3 anos (480.000€/ano).
2. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(939).- DAR CONTA DA RENUNCIA VOLUNTARIA DA BOLSEIRA MARTA SACAU FONTENLA, BENEFICIARIA DA ESTADÍA FORMATIVO-LINGÜÍSTICA EN LISBOA. EXPTE. 18206/332.

Dáse conta do informe-proposta do 28/09/16, do técnico medio de actividades culturais e educativas, conformado pola xefa do servizo de Educación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 12 de Novembro de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: “Aprobar as Bases da Convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” de Estancias Lingüísticas no Estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para o ano 2016. (Expte 17412/332).

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 29 de Xaneiro de 2016, adoptou, o seguinte acordo: “Adxudicación e denegación das Bolsas “Concello de Vigo” para estadias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2016.” Consonante ao citado acordo, figura como beneficiaria dunha bolsa municipal de lingua portuguesa para estadía lingüístico-formativa en Lisboa, Dna Marta Sacau Fontenla (NIF 36132355-E) co nº de Expte. P-001.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26 de Febreiro de 2016, adoptou, o seguinte acordo: “Dar conta da renuncia voluntaria ao abono do pago anticipado, da beneficiaria de portugués, Marta Sacau Fontenla co DNI 36.132.355-E”, logo de que a citada beneficiaria presentara a través do rexistro xeral en data 10/02/16 e co nº de doc 160015150 Anexo III coa aceptación expresa da bolsa municipal e sendos escritos co nº de docs.

160015155 e 160015158 nos que poñía de manifesto non precisar que lle fora aboado ningún tipo de pago anticipado correspondente ao importe concedido de 1.580,00.-€, quedando pendente de abono nun pago único despois de ter realizado e levar a bo término o programa obxecto da subvención e previa xustificación conforme á Cláusula Décimo Segunda das bases que rexen a convocatoria municipal.

A citada beneficiaria presenta a través do rexistro xeral do Concello en data 06/07/2016 escrito co nº de doc. 160092849 no que comunica ao Servizo Municipal de Educación que por motivos de índole persoal, renuncia á estadía formativo-lingüística de dúas semanas en Lisboa, e polo tanto aos dereitos que se derivan da súa aceptación previa con data do 10/02/2016 diante do Rexistro Xeral do Concello.

Esta circunstancia provoca a efectos prácticos que no periodo estival sexa inviable cubrir esta renuncia coa incorporación dalgún dos alumnos/as da EOIV integrante da lista de agarda das bolsas "Concello de Vigo" para o idioma de Portugués, xa que nese intre ao non estar en periodo lectivo escolar na EOIV a comunicación con eles/as resulta moi complexa, resultando tamén o posible periodo restante para a realización da estadía lingüístico-formativa (agosto-setembro segundo a base 1ª que rexe a convocatoria) non axeitado por estar en tempada turística alta co conseguinte encarecemento económico dos conceptos que financia a bolsa municipal (viaxe, curso intensivo e aloxamento) e por escomenzar en setembro o novo curso lectivo na EOIV e implicar a conseguinte perda lectiva ...

Cómpre suliñar, que os restantes 46 beneficiarios/as destas bolsas municipais (incluída a outra beneficiaria da bolsa de portugués, Dña. Eva da Cruz Fachado), teñen xa presentados os documentos xustificativos para a xestión dos correspondentes pagamentos municipais; dado que o obxecto da subvención xa foi efectuado satisfactoriamente coa realización efectiva do programa de formación lingüística no periodo no lectivo da pasada semana santa (19 de marzo ate o 01 de abril), tal como se desprende do contido da memoria técnica de execución arquivada neste servizo municipal de educación.

Consonte ao anteriormente exposto e diante da circunstancia da renuncia voluntaria de Marta Sacau Fontenla a desenvolver a estadía lingüística en Lisboa, que como consecuencia inmediata impediría o cumprimento da obriga da correcta xustificación da subvención concedida; e seguindo o procedemento recollido na base décimo cuarta das bases reguladoras da convocatoria; é obxecto do presente informe dar conta ao órgano Colexado da renuncia voluntaria de Marta Sacau Fontenla beneficiaria da bolsa de lingua portuguesa "Concello de Vigo" para alumnado da EOIV para o ano 2016, e consecuentemente facer as xestións oportunas para o reintegro do crédito dispoñible correspondente ao documento contable AD 201600016400 por importe de 1.580,00.-€, para pago do custe da beca municipal outorgada "Concello de Vigo" para estancias lingüísticas no estranxeiro (Lisboa) a favor de Marta Sacau Fontenla (NIF 36.132.355-E).

Por elo, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1.- Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa de lingua portuguesa "Concello de Vigo" para o alumnado da EOIV no ano 2016, da beneficiaria Marta Sacau Fontenla (NIF 36.132.355-E).

2.- Aprobar a anulación do documento contable AD 201600016400 por importe de 1.580,00.-€, para pago do custe da beca municipal outorgada "Concello de Vigo" para estancias lingüísticas no estranxeiro (Lisboa) a favor de Marta Sacau Fontenla.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(940).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS “AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2016”. EXPTE. 12763/77.

Visto o informe de fiscalización do 27/09/16, dáse conta do informe-proposta do 19/09/16, do xefe do servizo de Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de Área e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, leva a cabo programas e proxectos, sendo uns dos seus principais obxectivos o fomento do emprego. Deste xeito, a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego desenvolve, entre outros, o programa de “Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa”, como estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 13 de maio de 2016, aprobou as bases reguladoras e convocatoria das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, cunha disposición total de 100.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 “Plan de emprego xuvenil” do Estado de Gastos do vixente orzamento do ano 2016 contabilizándose o RC Núm. 201600051428 (achégase copia do informe de intervención). As Bases reguladoras destas axudas foron publicadas no BOP núm. 95 do 19 de maio de 2016 e o Extracto da convocatoria foi publicado no BOP núm. 101 do 27 de maio de 2016 e difundidas mediante unha campaña de publicidade na prensa e na páxina web do Concello de Vigo.

O concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, con data 12/06/2016, conforme ao establecido coa base 4ª, apartado 4.2, resolveu nomear a Comisión de Valoración e Seguimento que preside (achégase copia do documento).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 8 de xullo de 2016, acordou o outorgamento de axudas segundo a proposta da Comisión de valoración e seguimento do 16.06.2016 por un importe de 9.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 “Plan de emprego xuvenil” e correspondentes ao Programa Indefinidos quedando pendente a cantidade de 20.500,00€ para o outorgamento das axudas ao abeiro do Programa Indefinidos e a cantidade de 70.000,00€ para o outorgamento das axudas ao abeiro do Programa Contratacións.

Logo de examinar as solicitudes recibidas en prazo, con posterioridade, no Rexistro Xeral do concello pola comisión de valoración e seguimento das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, verificase que cumpren os requisitos contidos nas bases reguladoras e convocatoria.

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local “o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal”.

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo os art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA).

De acordo co establecido na base 4ª, apartado 4.1: “Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.”

Segundo o acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 14.09.2016 que se achega no expediente, se informa da comunicación da empresa Vialetheia, SL (expdte. 12934/77) e da comunicación da empresa Forox Innovación, SL (expdte. 13232/77) relativas á alteración das condicións da axuda concedida e solicitada, respectivamente. Así mesmo, se indican as empresas solicitantes destas axudas que cumpren os requisitos esixidos nas bases reguladoras e convocatoria por un importe de **76.812,50€** con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 “Plan de emprego xuvenil”, correspondendo 38.062,50€ ao Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (P. Indefinidos) que sumada á contía de 9.500,00€ outorgada ao abeiro do acordo da Xunta de Goberno Local do 08.07.2016 resulta unha contía total de 47.562,50€, e 38.750,00€ ao Programa de incentivos á contratación (P. Contratacións) polo que precísase incrementar a partida do Programa Indefinidos en 17.562,50€; ao resultar pendente a cantidade de 31.250,00€ para o outorgamento das axudas ao abeiro do Programa Contratacións propónse destinar este crédito non liberado para incrementar o importe das axudas do P. Indefinidos, ao abeiro da base 9ª Disposición adicional.

Deste xeito, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Propoñer a aprobación da modificación das condicións da axuda concedida á empresa Vialetheia, SL, expdte. 12934/77.

SEGUNDO: Propoñer a aprobación da modificación das condicións da axuda a outorgar á empresa Forox Innovación, SL, expdte. 13232/77.

TERCEIRO: Propoñer destinar a cantidade de 17.562,50€ procedente do crédito non liberado do Programa Contratacións para o incremento da cantidade de 30.000,00€ asignada ao Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (P. Indefinidos) con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de Emprego Xuvenil e facer fronte ao importe das axudas a conceder.

CUARTO: Propoñer a concesión, por un importe de **76.812,50 €** con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 “Plan de emprego xuvenil”, correspondendo 38.062,50 € ao Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (P. Indefinidos) das axudas seguintes:

Orde (*)	Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Programa solicitado	Importe en euros
4	12942/77	MAMBLONA OPTICOS, SL	B36908747	Indefinidos	2.500,00 €
7	12995/77	DAVILA RESTAURACIÓN, SLU	B27738632	Indefinidos	2.000,00 €
8	13025/77	EIMSKIP LOGISTICS SPAIN, SLU	B36959807	Indefinidos	2.500,00 €
9	13031/77	ASYSGON, SL	B36806057	Indefinidos	2.000,00 €
11	13039/77	I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, SL	B36927515	Indefinidos	2.500,00 €
12	13040/77	ALFACARGO SHIPPING AND LOGISTICS, SL	B27737766	Indefinidos	2.000,00 €
13	13064/77	HERMANOS ALFARO, SL	B36621639	Indefinidos	2.000,00 €
16	13128/77	NBP CLEMS ABOGADOS Y CONSULTORES, SLP	B27704493	Indefinidos	2.500,00 €
20	13225/77	MCSYNCRON VIGO, SA	A36878403	Indefinidos	6.000,00 €
23	13236/77	CONECTA COMUNICACIONES Y MEDIOS, SL	B36823169	Indefinidos	2.000,00 €
24	13246/77	MARÍA TERESA PARDELLAS PARDELLAS	35982772P	Indefinidos	2.000,00 €
27	13249/77	MEDICALSMOOTH	B27702414	Indefinidos	2.500,00 €
29	13251/77	ARENAL ALOBAS, SL	B27724517	Indefinidos	2.500,00 €
31	13287/77	CLÍNICA VETERINARIA TARTARUGA, CB	E27791425	Indefinidos	1.312,50 €
32	13288/77	Mª DEL CARMEN PÉREZ ÁLVAREZ	36064372 G	Indefinidos	1.750,00 €
33	13289/77	LAGAR 69, SL	B27822097	Indefinidos	2.000,00 €

(*) O número de orde considérase a partir do iniciado para o outorgamento de axudas ao abeiro do acordo da Xunta de Goberno Local do 08.07.2016.

e 38.750,00 € ao Programa de incentivos á contratación (P. Contratacións) das axudas seguintes:

Orde	Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Programa solicitado	Importe en euros
14	13083/77	HELGA RIVERA, SL	B36835023	Contratacións	5.000,00 €
15	13125/77	GRUPO SÉMOLA, SL	B27788603	Contratacións	5.000,00 €
17	13157/77	LORENA VILLAR FONSECA	36137851K	Contratacións	3.750,00 €
19	13224/77	GRUPO A-3 TAE, SL	B36744340	Contratacións	3.000,00 €
21	13232/77	FOROX INNOVACIÓN, SL	B27742014	Contratacións	4.500,00 €
22	13233/77	TRAVIESAS MULTISERVICIOS, SL	B27822337	Contratacións	4.500,00 €
25	13247/77	SYSPRO INGENIERÍA, SLU	B36940831	Contratacións	3.000,00 €
26	13248/77	SNEAKER HEAD, SL	B27831585	Contratacións	5.000,00 €
28	13250/77	PIGMA GRÁFICA IMPRESIÓN DIGITAL, SL	B27821610	Contratacións	5.000,00 €

QUINTO: Propoñer a denegación, por non cumprir os requisitos, das solicitudes seguintes:

Orde	Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Programa solicitado	Motivo denegación
4	12942/77	MAMBLONA OPTICOS, SL	B36908747	Contratacións	Incumprimento da Base b.1 Beneficiarios e b.2.4 por non solicitar as candidaturas segundo as bases previo á contratación. ⁽²⁾
10	13032/77	DISCOTECA OLIVER, SL	B36687739	Indefinidos	Incumprimento da Base a.1 Beneficiarios e a.2. Requisitos, apartado a.2.3 pola transformación do contrato de persoa traballadora non empadroadada no municipio. ⁽¹⁾
18	13223/77	PANADERÍA PICHO, SL	B36827822	Indefinidos	Incumprimento da Base a.2 Beneficiarios, apartado a.2.8 por débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello de Vigo na vía de constrinximento. ⁽⁴⁾
30	13252/77	DIANA DUR BOZOANCA	X4752417L	Indefinidos	Incumprimento da Base a.2 Beneficiarios, apartado a.2.8 por débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello de Vigo na vía de constrinximento. ⁽⁴⁾
34	13290/77	TAPERÍA D´HUGO EN VIGO, SL	B27812510	Indefinidos	Incumprimento da Base a.2 Beneficiarios, apartado a.2.8 por débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello de Vigo na vía de constrinximento. ⁽⁴⁾

–a.2.3: “Acreditar no momento da solicitude a transformación da contratación temporal en indefinida de persoas mozas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 1 de outubro de 2015.

–b.2.4: “Solicitar as candidaturas para a selección da/s persoa/s traballadora/s desempregada/s a contratar ante o Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante a oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) mediante a presentación, previo á súa contratación, da correspondente oferta de emprego.”

–b.2.7: “ Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo.”

–a.2.8: “ Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo.”

SEXTO: Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 58 e 59 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

SÉTIMO: Informar, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 4.1.c) da Lei 30/92, de RXAP e PAC, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(941).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRÍNCIPE DE VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO COMERCIO DA ZONA CENTRO PRÍNCIPE. EXPTE. 12806/77.

Visto o informe xurídico do 09/05/16 e informe de fiscalización do 29/09/16, dáse conta do informe-proposta do 28/09/16, asinado polo xefe do servizo de Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento do pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos tres últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRÍNCIPE DE VIGO”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade

da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

O Concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está a executar novas iniciativas de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.

A continuación das iniciativas de fomento do Emprego, xurden para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola situación económica actual.

– Dentro destas iniciativas de fomento do Emprego para o ano 2016, tense en conta a situación do sector de servizos, e dentro deste o relacionado co pequeno comercio, así como a potenciación do emprego no mesmo, fomentando o coñecemento da rúa do Príncipe como espazo comercial aberto e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral. Estas actividades enmárcanse dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, como a relacionada coas feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, puidendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e, dentro destes, a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social, en concordancia co establecido Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

– A “Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo”, solicita a través dun escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o pasado 21 de abril de 2016, co nº de documento 160051132, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través do proxecto “Plan Laboral Centro Príncipe 2016”, dunha banda instrumentará a realización de 5 novos contratos laborais, o que permitirá ás persoas contratadas mellorar as súas capacidades de integración laboral ao obter unha experiencia no campo do deseño gráfico, a xestión administrativa, a organización de eventos, a atención ao público, etc.; e por outra banda, intentará poñer en valor e recuperar a memoria histórica da zona ao tempo que tratará de revitalizar o sector comercial desta zona modernizándose e ampliando a oferta de servizos.

Este convenio de colaboración ten previstos os seguintes obxectivos:

- Dotar de medios persoais e profesionais á entidade para desenvolver accións encaminadas a:
 - Mellorar na prestación de servizos do centro comercial aberto.

- *Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación que melloren a súa capacidade e competitividade comercial.*
- *Desenvolver estas accións de coñecemento do centro comercial aberto “Zona Príncipe” e mellorar a competitividade empresarial dos comercios integrados no Centro Comercial Aberto “Zona Príncipe”, mediante actividades que:*
 - *Poñan en valor e recuperen a memoria histórica da zona.*
 - *Se diferencien doutras fórmulas de comercialización, como son as grandes superficies ou centros comerciais interiores, mediante a prestación dun servizo que contén un trato personalizado co cliente e aporta un alto valor engadido.*
 - *Amplíen a oferta de servizos do centro.*
 - *Estimulen a fidelización mediante campañas adaptadas a cada un dos sectores representados nesa zona.*
 - *Revitalicen o sector mediante a formación dos comerciantes e os seus empregados e empregadas e fomenten a modernización do seu nivel tecnolóxico.*
 - *Apoiando ao comercio tradicional como unha actividade xeneradora de riqueza e emprego.*
 - *Respondendo ante as necesidades e intereses dos asociados dunha forma eficaz.*
 - *Aumenten as vendas da zona realizando distintos tipos de actividades que xeneren o paso de clientes potenciais.*
 - *Aumenten o número de empresas asociadas e velar polos seus intereses.*

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos municipais de fomento do Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- ✓ *Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.*
- ✓ *Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.*
- ✓ *Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan aos servizos de emprego deste concello.*
- ✓ *Establecer procedementos de transición de ensino regrado ao mundo laboral.*
- ✓ *Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.*
- ✓ *Inserir laboralmente aos colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.*
- ✓ *Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.*
- ✓ *Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.*

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

Na actualidade os departamentos municipais de Comercio e de Desenvolvemento Local e Emprego non dispoñen de persoal suficiente para garantir a mellora das prestacións do servizo do centro comercial aberto “Zona Príncipe”, dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial, desenvolver accións de coñecemento do centro comercial aberto “Zona Príncipe” e mellora da competitividade empresarial.

–A aportación por un importe total de **50.000,00 €** do Concello de Vigo, á “Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo”, se realiza pola necesidade de dinamizar os sectores que conforman a asociación e que se atopan en clara recesión, especialmente na contorna da rúa do Príncipe, e tendo en conta que a “Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo” é a única entidade que agrupa aos comerciantes desa zona, polo que ten un profundo coñecemento das necesidades do comercio minorista que desenvolve alí as súas actividades, o que lles permitirá desenvolver o proxecto presentado, o que permite non só mellorar a calidade e cantidade dos postos de traballo da zona, senon consolidar os existentes, tendo en conta a súa mellor competitividade, e adaptarse as necesidades que poidan xurdir da **declaración de Vigo, como zona de especial afluencia turística**, o que suporá unha importante modificación das condicións sociolaborais do persoal dos establecementos comerciais da zona da rúa do Príncipe.

–As especiais circunstancias que se dan na zona afectada, que pola súa concentración de comercios maioritariamente de grandes cadenas comerciais, con un nivel de empregos elevado e unha orientación ao cliente distinta, plantexa a necesidade de artellar solucións diferentes e máis imaxinativas das doutras zonas da cidade que teñen un tipo de comercio máis estandarizado, circunstancias as que se debe engadir a declaración de Vigo como cidade de interese turístico, aspecto que terá unha grande influencia na zona de actuación da asociación xa que é unha zona con un importante xacemento do emprego, no ámbito comercial e que por tanto dificultan a convocatoria mediante concurrencia competitiva, o que permitirá a consolidación do emprego actual e o posterior incremento na zona de actuación da asociación.

Os custos estimados conforme á aplicación do establecido no convenio municipal para a contratación do persoal proposto pola entidade (2 administrativos -cunha xornada do 100%-, 1 auxiliar administrativo -cunha xornada do 30%-, 1 Auxiliar de Diseño Gráfico -cunha xornada do 30%-, 1 ordenanza -cunha xornada do 100%- e 1 coordinador do grupo A1 -cunha xornada do 50%-), necesarios sen ter en conta outros gastos como aluguer de instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc, suporía:

- Custes salariais propostos pola entidade:

Categoría	Nº	Duración	Xornada	Salarios	Seg.Social	TOTAL
Auxiliar administrativo	1	5	30%	186,33 €	71,73 €	1.290,30 €
Administrativo	2	5	100%	2.156,45 €	748,92 €	29.053,70 €
Auxiliar diseño gráfico	1	5	30%	311,45 €	119,90 €	2.156,75 €
Ordenanza	1	5	100%	758,33 €	296,89 €	5.276,10 €
Coordinador	1	7	50%	1.468,71 €	547,07 €	14.110,46 €

Total Contratacións:	51.887,31 €
Outros custos:	750,00 €
TOTAL:	52.637,31 €

- *Custes salariais conforme o convenio municipal:*

Posto	Nº Postos	Grupo	CD	C.ESP	Nº Meses	Mensual	Prorrateo paga extra	Cotización Seg.Social	Seg.Social mes	Custes mes 100%xom.	% Xornada	Meses Contrato	TOTAL
AUXILIAR DE ADMON XERAL	1	C2	16	166	5	1.551,51 €	129,29 €	32,10	539,54 €	2.220,34 €	30,00%	5	3.330,51 €
ADMINISTRATIVO DE ADMON XER	2	C1	22	313	5	1.920,40 €	160,03 €	32,10	667,82 €	2.748,26 €	100,00%	5	27.482,58 €
ADMINISTRATIVO DE ADMON XER	1	C1	22	313	5	1.920,40 €	160,03 €	32,10	667,82 €	2.748,26 €	30,00%	5	4.122,39 €
ORDENANZA	1	E	14	566	5	1.479,83 €	123,32 €	32,10	514,61 €	2.117,76 €	100,00%	5	10.588,80 €
COORDINADOR (A1)	1	A1	26	680	5	2.903,91 €	241,99 €	32,10	1.009,83 €	4.155,74 €	50,00%	7	14.545,07 €
COSTE TOTAL:												60.069,36 €	

O orzamento necesario para cubrir os custes salariais do persoal que se precisaría polo Concello de Vigo, para a dinamización e fomento do comercio da zona Centro-Príncipe de Vigo, superaría amplamente o importe total do previsto no convenio para salarios aínda sen engadir os custes de gastos correntes solicitados e que en todo caso terían que ser asumidos polo Concello.

Doutra parte a contratación do servizo con empresas adicadas a esta actividade sería por un prezo moi superior, en todo caso, á achega municipal ao convenio.

*Ademais dos custes propios do persoal (51.887,31 €), establécense uns gastos necesarios para o desenvolvemento das accións previstas no convenio e que suman a cantidade total de 750,00 € (1,45 % dos gastos salariais e de seguridade social a cargo da entidade), dos que o Concello de Vigo, asume **49.250,00 €** de custes salariais e de seguridade social e **750,00 €** de gastos de xestión, os 2.637,31 € restantes serán asumidos pola propia asociación.*

*Tendo en conta o prazo de execución do proxecto (**01/03/2016 ao 30/09/2016**), as imputacións a efectos orzamentarios será contra a partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2016 prorrogado.*

Establécese a inexistencia de relación laboral entre as persoas traballadoras directa ou indirectamente beneficiarias da subvención que se pretende conceder á "Asociación de Comerciantes de la calle del Principe de Vigo" e o Concello de Vigo.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobado o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo”, con CIF: G36636942.

2.- Autorizar o gasto de 50.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2016, e comprometer o mesmo a favor da “Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo”, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.

3.- Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, para asinar o citado convenio.

4.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO COMERCIO DA ZONA CENTRO PRÍNCIPE DE VIGO

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dous mil dezaséis.

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Héctor Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Don Cándido Rial Covelo co DNI 35965766E en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO”, facultado pola propia entidade en xuntanza mantida o 06/04/2016, con domicilio social en Rúa Príncipe, 51 -1º ofi. 10, 36202 de VIGO e CIF G36636942.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente par asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que a mellora do benestar da cidadanía de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados de fomento do Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos tres anos anteriores, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa "ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO", para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais. Polo que, conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..."

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego no sector comercial, fomentando o coñecemento e dos centros comerciais abertos e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación de comerciantes sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias de ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.

A colaboración coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais, se dinamice a inserción en profesións relacionadas co sector servizos e a creación de novos postos no mercado laboral concedendo a oportunidade de obter unha formación teórico práctica que lles permita mellorar sus opcións de empregabilidade, así como mellorar, mediante os proxectos desenvolvidos desde a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, a dinamización dos centros comerciais abertos, mellorando o tecido productivo local, así como as competencias requiridas no seo das empresas do eido local.

MANIFESTAN

I.- - Que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 21 de abril de 2016 co nº de documento 160051132, ten entre outros, os seguintes obxectivos:

- ✓ Dotar de medios persoais e profesionais á entidade para desenvolver accións encaminadas a:
 - Mellorar na prestación de servizos do centro comercial aberto.
 - Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación que melloren a súa capacidade e competitividade comercial.
- ✓ Desenvolver estas accións de coñecemento do centro comercial aberto "Zona Príncipe" e mellorar a competitividade empresarial dos comercios integrados no Centro Comercial Aberto "Zona Príncipe", mediante actividades que:
 - Poñan en valor e recuperen a memoria histórica da zona.
 - Se diferencien doutras fórmulas de comercialización, como son as grandes superficies ou centros comerciais interiores, mediante a prestación dun servizo que contén un trato personalizado co cliente e aporta un alto valor engadido.
 - Amplíen a oferta de servizos do centro.
 - Estimulen a fidelización mediante campañas adaptadas a cada un dos sectores representados nesa zona.
 - Revitalicen o sector mediante a formación dos comerciante e os seus empregados e empregadas e fomenten a modernización do seu nivel tecnolóxico.
 - Apoiando ao comercio tradicional como unha actividade xeneradora de riqueza e emprego.
 - Respondendo ante as necesidades e intereses dos asociados dunha forma eficaz.
 - Aumenten as vendas da zona realizando distintos tipos de actividades que xeneren o paso de clientes potenciais.
 - Aumenten o número de empresas asociadas e velar polos seus intereses.

Estes obxectivos acadaranse coa contratación de 5 persoas desempregadas da nosa cidade que serán coordinadas por unha persoa da propia entidade.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na

mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xera, e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO da situación dos comercios relacionados co sector do comercio minorista na zona Príncipe de Vigo, así como da falta de persoal especializado na formación, asesoramento e implantación de campañas de dinamización do comercio mediante técnicas presenciais e do uso das novas tecnoloxías no Concello de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de mellora na prestación de servizos no centro comercial aberto da zona "Centro Príncipe" de Vigo, e dotar ao colectivo empresarial de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación cara a mellora da súa capacidade e competitividade comercial, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito a persoas desempregadas de Vigo.

V.- Que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, o Concello de Vigo e a dita federación conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto á mellora na prestación de servizos nos centros comerciais abertos, e dotar ao colectivo empresarial de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación cara a mellora da súa capacidade e competitividade, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito, e concretamente, a:

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor (a concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos), das seguintes actividades:

1. Dotar de medios persoais e profesionais á entidade para desenvolver accións encaminadas a:
 -) Mellorar na prestación de servizos do centro comercial aberto.
 -) Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación que melloren a súa capacidade e competitividade comercial.
2. Desenvolver estas accións de coñecemento do centro comercial aberto “Zona Príncipe” e mellorar a competitividade empresarial dos comercios integrados no Centro Comercial Aberto “Zona Príncipe”, mediante actividades que:
 -) Poñan en valor e recuperen a memoria histórica da zona.
 -) Se diferencien doutras fórmulas de comercialización, como son as grandes superficies ou centros comerciais interiores, mediante a prestación dun servizo que contén un trato personalizado co cliente e aporta un alto valor engadido.
 -) Amplíen a oferta de servizos do centro.
 -) Estimulen a fidelización mediante campañas adaptadas a cada un dos sectores representados nesa zona.
 -) Revitalicen o sector mediante a formación dos comerciantes e os seus empregados e empregadas e fomenten a modernización do seu nivel tecnolóxico.
 -) Apoian ao comercio tradicional como unha actividade xeneradora de riqueza e emprego.
 -) Respondendo ante as necesidades e intereses dos asociados dunha forma eficaz.
 -) Aumenten as vendas da zona realizando distintos tipos de actividades que xeneren o paso de clientes potenciais.
 -) Aumenten o número de empresas asociadas e velar polos seus intereses.
3. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá “Asociacións en rede” (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario da entidade certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar.
4. As contratacións serán exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2015.
5. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

6. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
7. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
8. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
9. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.
3. Conceder directamente á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO unha subvención por importe de 50.000,00 € (49.250,00 € de custes salariais e 750,00 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifi-

que o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non existir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- ✓ O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutra/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- ✓ Tres vocais:
 - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

- *Dous membros da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.*

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- *Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.*
- *Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.*
- *Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.*
- *Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.*

Décimo.- A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- *Copia autenticada do contrato.*

- *Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- *Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- *Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- *Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da axuda e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da convenio procederá á devolución do orixinal.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a existencia da reintegro y demás responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancions que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de setembro de 2016.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

- 1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- 2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.*
- 3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.*
- 4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- 5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- 6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa da actividade obxecto do convenio, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreziación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da axuda obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade realizada e demais actuacións previstas en orden á conclusión do proceso, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administra-

tivo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2016.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2016.

11(942).- CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR-ANO 2016 (3º). EXPTE. 102598/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/09/16, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro-delegado de Economía e Facenda, que di o seguinte:

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpa-gamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Rein-tegro	S/ a favor
BARBARÁ RODRÍ-GUEZ BEATRIZ	201600050944	9200.2260300	9.000,00	8.999,82	12/05/16	22/06/16	12/08/16	0,18	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600033556	9250.2330000	7.572,60	7.572,60	06/04/16	13/06/16	06/07/16	0,00	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600038570	9250.2200000	500,00	500,00	11/04/16	06/07/16	11/07/16	0,00	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600038572	9250.2200100	500,00	425,10	11/04/16	06/07/16	11/07/16	74,90	---

ESPADA LUIS	RE CAREY	201600050277	9250.2230000	1.000,00	995,82	10/05/16	27/06/16	10/08/16	4,18	---
ESPADA LUIS	RE CAREY	201600050943	9250.2260100	500,00	428,45	12/05/16	03/08/16	12/08/16	71,55	---
ESPADA LUIS	RE CAREY	201600055090	9250.2300000	1.000,00	0,00	23/05/16	26/07/16	23/08/16	1.000,00	---
ESPADA LUIS	RE CAREY	201600055091	9250.2310000	1.000,00	258,16	23/05/16	28/07/16	23/08/16	741,84	---
ESPADA LUIS	RE CAREY	201600060064	9250.2279900	17.999,00	15.416,06	08/06/16	02/09/16	08/09/16	2.582,94	---
ESPADA LUIS	RE CAREY	201600071509	9250.2260600	1.500,00	1.500,00	22/07/16	03/08/16	22/10/16	0,00	---
FERNÁNDEZ LUIS	FERNÁNDEZ PAZ	201600003803	2310.4800000	100.000,00	99.220,69	14/01/16	03/05/16	14/04/16	779,31	---
GARCÍA LUIS	ÁLVAREZ	201600025774	2311.4800000	3.000,00	2.429,00	04/04/16	28/07/16	04/07/16	571,00	---
GARCÍA LUIS	ÁLVAREZ	201600060048	9200.2219901	185,00	179,00	08/06/16	28/07/16	08/09/16	6,00	---
GARCÍA LUIS	ÁLVAREZ	201600060164	2311.4800000	3.000,00	200,00	09/06/16	08/09/16	09/09/16	2.800,00	---
GARCÍA LUIS	ÁLVAREZ	201600063090	9200.2219902	500,00	149,68	17/06/16	15/09/16	17/09/16	350,32	---
GARCÍA LUIS	ÁLVAREZ	201600063918	3341.2312000	100,00	46,17	20/06/16	05/08/16	20/09/16	53,83	---
GARCÍA LUIS	ÁLVAREZ	201600063920	3341.2302000	240,03	240,03	20/06/16	05/08/16	20/09/16	0,00	---
GUTIÉRREZ FRANCISCO	ORÚE JAVIER	201600038010	2410.2240001	429,85	51,21	07/04/16	27/06/16	07/07/16	378,64	---
GUTIÉRREZ FRANCISCO	ORÚE JAVIER	201600045759	2410.2312006	1.500,00	1.100,00	25/04/16	27/07/16	25/07/16	400,00	---
MARTÍNEZ FRANCISCO	MUÑOZ FRANCISCO	201600049929	1320.2269900	3.000,00	297,43	09/05/16	10/08/16	09/08/16	2.702,57	---
MARTÍNEZ FRANCISCO	MUÑOZ FRANCISCO	201600049931	1320.2312000	600,00	37,40	09/05/16	10/08/16	09/08/16	562,60	---
MEDIERO RODRÍGUEZ	RODRÍGUEZ BELÉN	201600019210	3370.2200100	2.000,00	739,90	29/02/16	01/07/16	29/05/16	1.260,10	---
QUINTELA RODRÍGUEZ	RODRÍGUEZ M ^a JOSÉ	201600014401	2310.2279900	2.000,00	0,00	04/02/16	10/08/16	04/05/16	2.000,00	---
QUINTELA RODRÍGUEZ	RODRÍGUEZ M ^a JOSÉ	201600019340	2310.4800000	100.000,00	99.938,88	29/02/16	14/06/16	29/05/16	61,12	---
VIEITES ALÉN	JOSÉ MANUEL	201600059100	9200.2260300	12.000,00	11.986,52	01/06/16	22/08/16	01/09/16	13,48	---
VIVERO MIJARES	ANTONIO	201600041732	1350.2250000	250,00	204,82	21/04/16	09/08/16	21/07/16	45,18	---
TOTAL				269.376,48	252.916,74				16.459,74	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción dos libramentos 201600003803 de Fernández Fernández Paz, 201600025774 de García Álvarez Luis, 201600045759 de Gutiérrez Orúe Francisco J., 201600049929 e 201600049931 de Martínez Muñoz Francisco, 201600019210 de Mediero Rodríguez Belén, 201600014401 e 201600019340 de Quintela Rodríguez M ^a José e 201600041732 de Vivero Mijares Antonio.	✓	

A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranste.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	Os pagos a xustificar nº 201600003803 de Fernández Fernández Paz, 201600025774 de García Álvarez Luis, 201600045759 de Gutiérrez Orúe Francisco J., 201600049929 e 201600049931 de Martínez Muñoz Francisco, 201600019210 de Mediero Rodríguez Belén, 201600014401 e 201600019340 de Quintela Rodríguez M ^a José e 201600041732 de Vivero Mijares Antonio non se renderon dentro do prazo legal de xustificación. O libramento nº 201600014401 de Quintela Rodríguez M ^a José, con data de pagamento 04/02/16, contaba cunha autorización de ampliación do prazo de xustificación de máximo 6 meses (04/08/2016) de conformidade co artigo 190 do TRLRHL, art. 69 do RD 500/1990 e as Bases de execución do orzamento, sendo efectiva a súa xustificación fóra de prazo o día 10/08/16.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nº pagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	201600050944	9200.2260300	9.000,00	8.999,82	12/05/16	22/06/16	12/08/16	0,18	---
ESPADA RECAREY LUIS	201600033556	9250.2330000	7.572,60	7.572,60	06/04/16	13/06/16	06/07/16	0,00	---
ESPADA RECAREY LUIS	201600038570	9250.2200000	500,00	500,00	11/04/16	06/07/16	11/07/16	0,00	---

ESPADA RE CAREY LUIS	201600038572	9250.2200100	500,00	425,10	11/04/16	06/07/16	11/07/16	74,90	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600050277	9250.2230000	1.000,00	995,82	10/05/16	27/06/16	10/08/16	4,18	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600050943	9250.2260100	500,00	428,45	12/05/16	03/08/16	12/08/16	71,55	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600055090	9250.2300000	1.000,00	0,00	23/05/16	26/07/16	23/08/16	1.000,00	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600055091	9250.2310000	1.000,00	258,16	23/05/16	28/07/16	23/08/16	741,84	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600060064	9250.2279900	17.999,00	15.416,06	08/06/16	02/09/16	08/09/16	2.582,94	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600071509	9250.2260600	1.500,00	1.500,00	22/07/16	03/08/16	22/10/16	0,00	---
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	201600003803	2310.4800000	100.000,00	99.220,69	14/01/16	03/05/16	14/04/16	779,31	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600025774	2311.4800000	3.000,00	2.429,00	04/04/16	28/07/16	04/07/16	571,00	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600060048	9200.2219901	185,00	179,00	08/06/16	28/07/16	08/09/16	6,00	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600060164	2311.4800000	3.000,00	200,00	09/06/16	08/09/16	09/09/16	2.800,00	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600063090	9200.2219902	500,00	149,68	17/06/16	15/09/16	17/09/16	350,32	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600063918	3341.2312000	100,00	46,17	20/06/16	05/08/16	20/09/16	53,83	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600063920	3341.2302000	240,03	240,03	20/06/16	05/08/16	20/09/16	0,00	---
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO JAVIER	201600038010	2410.2240001	429,85	51,21	07/04/16	27/06/16	07/07/16	378,64	---
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO JAVIER	201600045759	2410.2312006	1.500,00	1.100,00	25/04/16	27/07/16	25/07/16	400,00	---
MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201600049929	1320.2269900	3.000,00	297,43	09/05/16	10/08/16	09/08/16	2.702,57	---
MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201600049931	1320.2312000	600,00	37,40	09/05/16	10/08/16	09/08/16	562,60	---
MEDIERO RODRÍGUEZ BELÉN	201600019210	3370.2200100	2.000,00	739,90	29/02/16	01/07/16	29/05/16	1.260,10	---
QUINTELA RODRÍGUEZ Mª JOSÉ	201600014401	2310.2279900	2.000,00	0,00	04/02/16	10/08/16	04/05/16	2.000,00	---
QUINTELA RODRÍGUEZ Mª JOSÉ	201600019340	2310.4800000	100.000,00	99.938,88	29/02/16	14/06/16	29/05/16	61,12	---
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	201600059100	9200.2260300	12.000,00	11.986,52	01/06/16	22/08/16	01/09/16	13,48	---
VIVERO MIJARES ANTONIO	201600041732	1350.2250000	250,00	204,82	21/04/16	09/08/16	21/07/16	45,18	---
TOTAL			269.376,48	252.916,74				16.459,74	

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(943).- PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE "SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DA LIÑA TELEFÓNICA 010". EXPTE. 3399/321.

Visto o informe xurídico do 02/09/16 e informe de fiscalización do 09/09/16, dáse conta do informe-proposta do 22/09/16, asinado polo xefe do servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 29 de xuño de 2012, acordou adxudicar á Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L.U., a contratación do "Servizo de Información Cidadá: Teléfono 010", por un prezo total de 739.190,68 euros (expte. 2054/321), que se corresponde coa oferta presentada no seu momento polo adxudicatario con un tipo de IVE do 18%. Debe terse en conta que o custo actual do presente contrato vese incrementado pola suba impositiva do IVE ao 21%, polo que o custo actual do contrato é de 757.983,66 €.

O contrato foi formalizado con data de 30 de outubro de 2012, comezando a prestación do servizo o 1 de novembro de 2012.

O 5 de agosto de 2016, en sesión ordinaria, a Xunta de Goberno Local acordou, conforme a proposta do expediente 2054/321:

"Tomar razón da fusión por absorción de Grupo Norte Agrupación Empresarial de Servicios, S.L. (sociedade absorbente) e Grupo Norte Outsourcing Signo Servicios Integrales, S.L.U. (sociedade absorbida) e, polo tanto, a primeira delas subrógase en todos os dereitos e obrigas resultantes do contrato do Servizo de información cidadá: teléfono 010, adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 29 de xuño de 2012".

Con data 02/09/2016, o Secretario da Administración Municipal emite informe xurídico favorable.

Asemade, o expediente foi fiscalizado de conformidade polo servizo de Intervención con data 09/09/2016, indicando que debe facerse constar que as melloras ofertadas no contrato seguirán a operar no período de prórroga. Deste xeito, se incorporan, á presente proposta de acordo (punto primeiro), as observacións formuladas no informe de fiscalización.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 23 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, sinala, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas presupostarias das Administracións Públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización

daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

Pola súa banda, a cláusula 4ª do contrato dispón que o prazo será de catro anos prorrogables por outros dous anos mais.

Asemade, o Prego de cláusulas administrativas dispón, na súa cláusula 7, que o prazo de execución do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC (“PRAZO DE EXECUCIÓN: catro anos”) e que, o dito prazo, poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC:

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: si, dous prórrogas de un ano cada unha

Na actualidade os servizos de Atención telefónica a través do teléfono 010, se desenvolven conforme o disposto no prego de condicións técnicas, en canto a: ao funcionamento do niveis de reposta que responden ó grao de especialización da pregunta e da resposta, o número e estrutura dos axentes telefónicos, horario do servizo de 08.00 a 20.00 horas de luns a venres e de 10.00 a 14.00 horas os sábados, e o número de horas de atención telefónica distribuídas por axente, así como o do persoal de xestión administrativa de 08:00 a 15:00 horas de luns a venres.

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 31 de outubro de 2016, e debido á necesidade de garantir o servizo de atención telefónica a través do 010, faise necesario tramitar a prórroga do contrato de Servizo de Información Cidadá: Teléfono 010”

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de actividades en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

Á vista do exposto anteriormente e do informe xurídico de data 02/09/2016 e informe de fiscalización económica de 09/09/2016, conforme establece o Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Autoriza-la prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 01-11-2016 ó 31-10-2017, do contrato para a prestación dos servizos de “Servizo de Información Cidadá: Teléfono 010”, dependentes da concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, do que é actual adxudicatario, Grupo Norte Agrupación Empresarial de Servizos S.L., pola fusión por absorción de Grupo Norte Outsourcing Signo Servizos Integrales S.L.U. (adxudicada por acordo da XGL o 29/06/2012) e do que tomou razón a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria o 5 de agosto de 2016.

O importe da prórroga será de 189.495,92 euros, dos que 31.582,65 € corresponden ao orzamento de 2016 e 157.913,26 € corresponden ao orzamento de 2017, sen

prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 9240 2279900 "Teleoperadoras, 010 e envío de mensaxes", manténdose, no período de prórroga, a mellora ofertada no contrato consistente no incremento de 12 horas semanais, o que supón un total de 250 horas semanais.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 58 e 59 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LXAP e PAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(944).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN OFICIAL MECÁNICO, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RD LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRELBE, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE PARQUE MÓBIL. EXPTE. 27690/220.

Visto o informe de fiscalización do 27/09/16, dáse conta do informe-proposta do 07/09/16, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Xefe da Área de Fomento e o Xefe do Parque Móbil Municipal, a través de escritos de datas 26 de febreiro e 23 de decembro de 2015, solicitan que se proceda á cobertura urxente das prazas vacantes de oficiais mecánicos polo déficit de profesionais desta categoría profesional co que conta o Parque Móbil Municipal, que se agudiza aínda mais nos períodos vacacionais e no desenvolvemento dos plans de emprego, o que supón unha maior actividade da flota e polo tanto un índice mais elevado de avarías, polo que solicitan o nomeamento interino de persoal mecánico.

En resposta a dito escrito, mediante instrución de servizo de data 30/03/2016, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local, dun/ha oficial mecánico/a por un período máximo de seis meses, segundo o disposto no art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido

da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo/a seguinte aspirante da lista de substitucións ou bolsa de efectivos resultante da última oferta de emprego público correspondente ao ano 2008, á maior brevidade posible.

En cumprimento do ordenado, con data 18/04/2016, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d).

De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 231-Oficial Mecánico, adscrito ao Parque Móbil Municipal, cód. 445) da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do EBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde -07,30 a 15,00, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos escritos do xefe da Area de Fomento e do Xefe do Parque Móbil de datas 26/02/15 e 23/12/15, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 30/03/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de Cemiterios e actividades funerarias como servizo público esencial no Concello de Vigo, ao estar entre as incluídas como propias no art. 25.2.k) e coma servizo obrigatorio no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha oficial mecánico/a para o Parque Móbil Municipal, supón un gasto de 11.116,14 €, ao que haberá que engadirse a cantidade de 4.201,92 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público do 2008 deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo dunha praza de Oficial mecánico/a, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 07 de xuño de 2011 a correspondente proposta de contratación, que formalizou contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local do 13 de xaneiro anterior.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos dous aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do EBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratado/a/s como persoal interino ou laboral.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como oficial mecánico do aspirante nº 1 - D. MANUEL ALONSO ARESES, con DNI 36.144.767-Z, que aceptou expresamente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas

segundo o disposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, acreditando neste Área de Recursos Humanos e Formación os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Oficial Mecánico/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo do Parque Móbil Municipal, contida nos escritos do 26/02/16 e 23/12/15 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 11.116,14 €, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos nos informes técnicos, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionario interino por acumulación de tarefas como oficial mecánico por un período máximo de seis meses, a D. MANUEL ALONSO ARESES, con DNI 36.144.767-Z, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Oficiais Mecánicos, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 231, Oficial mecánico/a, sendo adscrito ao Parque Móbil Municipal (cód. 445), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, a Área de Fomento, ao Parque Móbil Municipal, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(945).- AXUDAS ESPECIAIS (FAS) 2016. EXPTE. 28455/220.

Visto o informe de fiscalización do 29/09/16, dáse conta do informe-proposta do 27/09/16, da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, conformado polo concelleiro-delegado de Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación acordo adoptado pola mesma en sesión do 09/06/2016, relativo á concesión de axudas especiais aos seguintes empregados municipais tal como se reflicte en dita acta por un importe de 2264,00 € :

<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>DNI</i>	<i>Nº Per- soal</i>	<i>Euros</i>
<i>MAGDALENA VILA, M^a JESUS</i>	<i>36025359-E</i>	<i>13161</i>	<i>392,00 €</i>
<i>PEREIRAS BERMEJO, VIRGINIA</i>	<i>78737463-E</i>	<i>80769</i>	<i>927,00 €</i>
<i>RODRIGUEZ CAEIRO, JAVIER</i>	<i>36130786-V</i>	<i>78769</i>	<i>195,00 €</i>
<i>ROMAN LAGO, IGNACIO</i>	<i>36136431-G</i>	<i>82163</i>	<i>750,00 €</i>
<i>TOTAL</i>			<i>2.264,00 €</i>

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2016.

V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Único.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 09/06/2016, por un importe total de 2.264,00 € (DOUS MIL DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

APELIDOS E NOME	DNI	Nº Per-soal	Euros
MAGDALENA VILA, M ^a JESUS	36025359-E	13161	392,00 €
PEREIRAS BERMEJO, VIRGINIA	78737463-E	80769	927,00 €
RODRIGUEZ CAEIRO, JAVIER	36130786-V	78769	195,00 €
ROMAN LAGO, IGNACIO	36136431-G	82163	750,00 €
TOTAL			2.264,00 €

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(946).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO DE 2016. EXPTE. 28642/220.

Visto o informe de fiscalización do 28/09/16, dáse conta do informe-proposta do 22/09/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 01/09/2016, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Agosto-2016, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa pre-

sencia do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).

Así mesmo, no informe de data 01/09/2016 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por esta Área de Recursos Humanos e Formación, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias – sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal –e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará –entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento

de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar no ano 2016 sería 3'68 €/día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de Agosto-2016 e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”, por importe de 1.173,92 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a período-

dos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro. - Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo:

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importe día	Días traballados	Total euros
23490	Alfonso Paz, Jesús	3,68 €	20	73,60 €
82013	Alonso Vidal, Tomás	3,68 €	23	84,64 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	3,68 €	17	62,56 €
77225	Cid González, Alberto	3,68 €	20	73,60 €
82216	Comis González, Esteban	3,68 €	19	69,92 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	3,68 €	15	55,20 €
79828	Cousiño Sendin, M ^a Concepción	3,68 €	19	69,92 €
82747	Curras Villar, Manuel	3,68 €	18	66,24 €
78924	González Seijo, Antonio	3,68 €	19	69,92 €
82270	Marcos Fernández, Roi	3,68 €	21	77,28 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,68 €	21	77,28 €
76563	Pereira Fona, Juan José	3,68 €	15	55,20 €
83425	Rey Gómez, Fernando	3,68 €	21	77,28 €
82317	Rodríguez Cid, Miguel Ángel	3,68 €	18	66,24 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,68 €	24	88,32 €
83428	Vázquez Castro, José Luis	3,68 €	22	80,96 €
7224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,68 €	7	25,76 €
		<i>Importe total</i>	319 días	1.173,92 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(947).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 28644/220.

Visto o informe de fiscalización do 29/09/16, dáse conta do informe-proposta do 23/09/16, da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Recíbense no servizo de Recursos Humanos en datas 8 e 14/09/2016, asinadas polo xefe do servizo de Vías e Obras e Infraestructuras e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do Xefe da Área de Servizos Xerais e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relacións de persoal do servizo de Vías e Obras e servizo do Parque Móbil, adscritos as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Agosto-2016. Ditas relacións inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día), que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 5,64 €/día. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 28174/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senón que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e perigosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitradores.

En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres considerarlos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao

persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se de esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento legislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante

un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo de Vías e Obras e do Parque móbil que forman parte das brigadas de pavimentación e que realizan funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de Vías e Obras e do servizo do Parque Móbil que se relacionan nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Productividade”, por importe de 1.517,16 €, correspondente ao mes de Agosto-2016.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXOS:

SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	95,88 €
81662	Barros González, Delio	101,52 €
17360	Bastos Román, Jesús	16,92 €
81015	Argibay Cusi, Borja	112,80 €
83421	Lugo Prado, Eloy	118,44 €

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
79620	Veloso Costas, Jesús	118,44 €
83420	Carrera Ferreira, José Antonio	107,16 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	107,16 €
82523	Somoza Estévez, Luis Miguel	73,32 €
80031	Tobio Villar, M ^a del Carmen	118,44 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	101,52 €
TOTAIS.....		1.071,60 €

SERVIZO DO PARQUE MOBIL

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
15881	Alonso Iglesias, Manuel	11,28 €

16797	Álvarez Pérez, Jaime	45,12 €
80659	Carballo Magariños, Jesús	11,28 €
17331	Comesaña Pérez, Hipólito	84,60 €
14953	Fernández Rodríguez, Manuel	101,52 €
82143	Graña Feijoo, David	16,92 €
16142	Martíns Fernández, Juan A.	107,16 €
79386	Vázquez Pazo, Ramón	62,04 €
80494	Villaverde Villaverde, J. Manuel	5,64 €
TOTAIS.....		445,56 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(948).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DOS SERVIZOS DE EDUCACIÓN, PATRIMONIO HISTÓRICO E TRANSPORTES POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAIS, CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE DE 2016. EXPTE. 28647/220.

Visto o informe de fiscalización do 29/09/16, dáse conta do informe-proposta do 22/09/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Recíbense na Área de Recursos Humanos e Formación, debidamente asinado polos Xefes dos servizos e os Concelleiro/as delegado/as correspondentes, informes dos servizos de Educación, Patrimonio Histórico e Transportes, que conteñen relación do persoal que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por conducción de vehículo municipal sin sen oficiais conductores, correspondentes ao 2º trimestre-2016.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) publicado no BOE nº 261, do sábado día 31 de outubro do 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento– entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo

posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira, apartado g) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da conducción de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de de 3'38 €/mes. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Dacordo coa actualización das retribucións dos empregados públicos contidas na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, as cantidades a percibir no ano 2016, actualizadas co 1% de incremento será de 3,41 €.

Da análise da documentación comprobouse a existencia de relacións do persoal dos distintos servizos propostos para o aboamento do complemento de produtividade, con indicación individualizada dos días traballados e importes según o estipulado na instrucción precitada así como o vehículo utilizado, número de flota. Así mesmo as xefaturas de servizos informan dos traballos desenvolvidos utilizando os vehículos referenciados en ditos informes no 2º trimestre do ano 2016. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilización de ditos vehículos polos efectivos municipais asignados á unidade, con indicación expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a "Actualización das instruccións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instruccións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na vixente lexislación.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte Acordo:

"Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de vehículo lixeiro sin ser oficiais condutores, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, correspondentes ao 2º trimestre-2016, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I- e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade", por importe de 573,05 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixina-

rán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina".

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO I

Servizo	Relacións	TOTAL
Educación	Puentes Rodríguez, Eladio	208,01 €
Patrimonio Histórico	Conde Castro, David	179,14 €
Transportes	Alonso González, José Ramón	185,90 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(949).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DITADAS POLA CONCELLERÍA-DELEGADA DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 28332/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 4/10/16, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

ÚNICO.- Durante o mes de setembro e xuño, foron dictadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal as resolucións que se indican, no exercicio das competencias que en materia de recursos humanos ostenta o dito órgano segundo o réxime de delegación competencial establecido para o período 2015-2019 (Decreto Excma. Alcaldía de 19/06/2015 e acordo XGL de mesma data, coas actualizacións correspondentes).

En consecuencia, e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, e en cumprimento do establecido nos actos administrativos de delegación citados en relación á dación de conta do exercicio das competencias delegadas, así como no previsto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, pola presente propónse:

“ÚNICO.- Tomar razón, e en consecuencia quedar enterada, das resolucións dictadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal no exercicio das competencias atribuídas en materia de recursos humanos, segundo o réxime de delegación competencial establecido para o período 2015-2019, durante o mes de setembro de 2016 e xuño, concretadas na relación seguinte:

–Decreto de data 07/09/2016 (expediente administrativo nº 27844-220): Solicitud de encomenda de funcións para a oficina de Montes, Parques e Xardíns.

–Decreto de data 07/09/2016 (expediente administrativo nº 28573-220): Reasignación de efectivos á Área de Montes, Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

–Decreto de data 08/09/2016 (expediente administrativo nº 28573-220): Reasignación de efectivos á Área de Montes, Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

–Decreto de data 12/09/2016 (expediente administrativo nº 28621-220): Rectificación de erro en expediente administrativo núm.: 28420-220 de nomeamento de catro administrativos de administración xeral con cargo ás prazas vacantes da OEP 2012.

–Decreto de data 13/09/2016 (expediente administrativo nº 28472-220): Execución sentenza do Xdo. Do Social nº 1 de Vigo, no procedemento 667/2015 en materia de clasificación profesional e reclamación de cantidades. Execución de títulos xudiciais 98/2016.

–Decreto de data 15/09/2016 (expediente administrativo nº 28572-220): Readscripción de prazas e postos a diversos servizos municipais.

–Decreto de data 20/09/2016 (expediente administrativo nº 28673-220): Renuncia ao posto de auxiliar administrativo con data de efectos de 23/08/2016.

–Decreto de data 23/09/2016 (expediente administrativo nº 28280-220): Recoñecemento de consolidación de grao persoal do empregado municipal con núm. persoal: 14775.

–Decreto de data 26/09/2016 (expediente administrativo nº 28535-220): Declaración da xubilación obrigatoria do empregado público municipal con núm. de persoal: 10435.

–Decreto de data 26/09/2016 (expediente administrativo nº 28703-220): Declaración da xubilación obrigatoria do empregado público municipal con núm. de persoal: 9981.

–Decreto de data 26/09/2016 (expediente administrativo nº 28702-220): Declaración da xubilación obrigatoria do empregado público municipal con núm. de persoal: 11156.

–Decreto de data 26/09/2016 (expediente administrativo nº 28693-220): Reasignación de efectivos ao servizo de Vías e Obras.

–Decreto de data 28/09/2016 (expediente administrativo nº 27621-220): Execución de sentenza do Xdo. Do Social nº 3 de Vigo, no procedemento 385/2013. Execución de títulos xudiciais 91/2016, en materia de cantidades.

–Decreto de data 28/09/2016 (expediente administrativo nº 28708-220): Solicitud de renuncia á praza de Mestra de Formación-Pintura da Escola Municipal de Artes e Oficios da empregada con núm. de persoal 83172.

–Decreto de data 29/09/2016 (expediente administrativo nº 28711-220): Execución de títulos xudiciais 72/2012, do Xdo. Do Social nº 3 de Vigo, no procedemento 244/2010, interposto por varias empregadas municipais.

–Decreto de data 29/09/2016 (expediente administrativo nº 28534-220): Declaración da xubilación voluntaria e anticipada do empregado público municipal con núm. de persoal: 13480.

–Decreto de data 29/09/2016 (expediente administrativo nº 28533-220): Declaración da xubilación voluntaria e anticipada da empregada pública municipal con núm. de persoal: 14568.

–Decreto de data 29/09/2016 (expediente administrativo nº 28532-220): Declaración da xubilación voluntaria e anticipada do empregado público municipal con núm. de persoal: 10725.

–Decreto de data 30/09/2016 (expediente administrativo nº 27174-220): Reclamación previa en materia de adaptación de posto de traballo da empregada municipal con núm. de persoal: 9515.

–Decreto de data 30/09/2016 (expediente administrativo nº 28715-220): Execución de títulos xudiciais 218/2015 do Xdo. Do Social Nº 4 de Vigo. Procedemento ordinario 474/2013, de varios demandantes.

–Decreto de data 27/06/2016 (expediente administrativo nº 28312-220): Solicitud de renuncia á súa praza de auxiliar de administración xeral, da funcionaria interina con núm. de persoal 83398.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(950).- SOLICITUDE DE INFORMACIÓN AO XULGADO DO MERCANTIL DE VIGO SOBRE A PRESENTACIÓN ANTE O MESMO, POR PARTE DE PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A., DE COMUNICACIÓN DAS NEGOCIACIÓN A QUE SE REFIRE O ART. 5 BIS DA LEI CONCURSAL, E NO SEU CASO, ACTUACIÓNS DERIVADAS. EXPTE. 960/330.

Visto o informe-proposta do 20/09/16, do xefe do departamento administrativo da Alcaldía, conformado polo letrado da Asesoría Xurídica e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 6 de marzo de 2006, acordou adxudicar o contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, ás mercantís Testa Inmuebles S.A., Caixanova, hoxe Abanca Corporación Bancaria S.A., Puentes Concesiones S.L., Sacyr S.A.U., Expacontra S.A., e Puentes y Calzadas S.A., coa obriga de constituír unha sociedade anónima de nova creación para a execución do contrato; sociedade anónima que, co nome de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., foi constituída por escritura pública de 19 de abril de 2006, outorgada ante o notario de Vigo don Miguel Lucas Sánchez, co número 808 do seu protocolo.

2. É o caso, que o Consello de Administración de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., na súa sesión de data 21 de xullo de 2016, acordou comunicar ao Xulgado do mercantil competente o inicio de negociacións cos acredores da Sociedade, para acadar un acordo de refinanciación ou, no seu caso, para obter unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos no artigo 5 Bis da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal; acordo social, respecto do cal procede informar o que segue:

3. O artigo 5 bis da Lei Concursal prevé, no que aquí interesa, que o debedor poderá poñer en coñecemento do xulgado competente para coñecer do concurso que ten iniciado negociacións para acadar un acordo de refinanciación dos previstos no artigo 71 bis. 1 e na disposición adicional cuarta ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio.

Esta comunicación poderá formularse en calquera momento anterior ao vencemento do prazo no que o debedor debe solicitar o concurso de acredores no caso de insolvencia e o secretario xudicial ordenará a publicación da comunicación no Rexistro Público Concursal, salvo que o debedor solicitara expresamente o carácter reservado da comunicación de negociacións.

Ata a data, non consta no Rexistro Público concursal a publicación da comunicación acordada na devandita sesión do Consello de Administración de Pazo de Congresos de Vigo, S.A., polo que é posible que se esta mercantil fixo xa a comunicación teña solicitado expresamente o carácter reservado das negociacións.

4. O contrato que vincula a Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e ás súas accionistas co Concello de Vigo é un contrato de concesión de obra pública; tipo contractual caracterizado polo celebrarse a risco e ventura do contratista, isto é, tal e como sinala actual Directiva 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, relativa a adxudicación de contratos de concesión, caracterízase este tipo contractual por transferir ao concesionario un risco operacional na explotación das obras ou servizos. E así, o artigo 220 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por R.D. Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño —texto que, por razóns temporais, é o aplicable a este concreto contrato— precisa no seu apartado 2) que: «A construción e explotación das obras públicas obxecto de concesión se efectuará a risco e ventura do concesionario quen asumirá os riscos económicos da súa execución e explotación nos termos e co alcance establecido nesta Lei (...)».

5. En aplicación desta norma, a cláusula 59.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato (no sucesivo PCAP) establece que: «En caso de que os beneficios derivados da explotación da Zona Comercial nos acaden o límite mínimo previsto no presente prego de condicións, o Concesionario non terá dereito a revisión das condicións do contrato, e en particular das tarifas, con base no desequilibrio económico financeiro como consecuencia da dita falla de ingresos»; e a cláusula 61.3 do mesmo PCAP, parágrafos a) e d), dispón expresamente que non procederá o restablecemento do equilibrio económico do contrato no caso de que a súa ruptura se deba á diminución dos beneficios derivados da explotación da Zona Complementaria por baixo do umbral mínimo previsto no PCAP ou á diminución dos beneficios pola utilización do Auditorio-Pazo de Congresos, por baixo dos seus rendementos mínimos.

6. A garantir o perfecto cumprimento do contrato non obstante o risco de perdas e desequilibrios na explotación responden as cláusulas 20, parágrafos 7) e 8) e 21, parágrafo 3) do PCAP, que prevén as abrigas de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e das súas accionistas, para o caso de perdas e situacións de desequilibrio patrimonial que Pazo de Congresos de Vigo, S.A. poida sufrir no curso da explotación da obra pública; cláusulas que no son senón consecuencia do carácter instrumental que a mercantil Pazo de Congresos de Vigo, S.A.— constituída para a execución del contrato, tal como dispón a cláusula 20.1 PCAP— ten respecto dos seus accionistas, adxudicatarios del contrato de concesión de obra pública que nos ocupa, cuxa solvencia económica foi a que se tivo en consideración para a adxudicación.

7. E isto porque:

— Os licitadores que presentaron conxuntamente a oferta considerada máis vantaxosa foron Testa Inmuebles en Renta, S.A., cunha participación do 40%; Caixanova (hoxe Abanca Corporación Bancaria S.A.), cunha participación do 20%; Puentes Concesiones, S.L., cunha

participación do 15%; Sacyr S.A.U., cunha participación do 10%; Expacontra S.A., cunha participación do 10%; e Puentes y Calzadas S.A., cunha participación do 5%. As ditas mercantís foron as adxudicatarias do concurso tanto por ser a súa oferta a máis vantaxosa economicamente como —requisito previo e inexcusable— por ser a súa solvencia económica suficiente para a a execución do contrato.

— A constitución posterior, a efectos de cumprimento do contrato, da sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A., foi, a súa vez, un acto obrigado de cumprimento do prego de cláusulas administrativas particulares, que na súa cláusula 20.1 impoñe ao adxudicatario ou adxudicatarios do concurso a obriga de constituir unha sociedade anónima de nova creación para a execución do contrato no prazo de 30 días naturais, contados desde la notificación da adxudicación.

A esixencia da constitución dunha sociedade anónima de nova creación para a execución do contrato incorporouse ao PCAP do contrato ao abeiro dos artigos 231.3. d) e 232.3 do Texto Refundido da Ley de Contratos das Administracións Públicas, de 16 de xuño de 2000, reitor do contrato, que prevén esta posibilidade.

As especialidades relativas as abrigas de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e das súas accionistas, para o caso de perdas e situacións de desequilibrio patrimonial de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. no curso da explotación da obra pública, foron incorporadas ao PCAP, ao abeiro do artigo 230.1.i) do mesmo texto, de acordo co cal, nos pregos de cláusulas administrativas dos contratos de concesión de obras públicas deberá facerse referencia a: «i) características especiais, no seu caso, da sociedade concesionaria».

— Tan instrumental é a sociedade así constituída polos licitadores que, como a continuación veremos, conforme ás cláusulas 20.7 e 8 e 21.3 do PCAP do contrato, está excluída a súa disolución ata a finalización do prazo da concesión e a entrega ao Concello da totalidade da obra pública, obxecto da concesión, quedando entretanto obrigados os accionistas (é dicir, os mesmos licitadores) a manter á sociedade nunha situación saneada (de xeito que, para evitar toda situación de desequilibrio patrimonial e, daquela, cando a situación así o requira, están obrigados: a) con carácter xeral, a adoitir as medidas contempladas pola normativa mercantil para garantir o saneamento; e b) con carácter específico, proceder á ampliación do capital cando as perdas acumuladas coloquen o patrimonio neto contable por baixo da metade do capital social a fin de evitar a incursión no suposto legal de disolución conforme ao TRLSC.

— O contrato de concesión de obra pública perfeccionouse como tal no momento da adxudicación entre o Concello, dunha parte, e as sociedades que formularon a proposición, doutra. Así o dispón o artigo 53 do TRLCAP/2000 (aquí aplicable), ao establecer que «Os contratos se perfeccionan mediante a adxudicación realizada polo órgano de contratación competente, calquera que sexa o procedemento ou a forma de adxudicación utilizados», sendo o outorgamento posterior do contrato un requisito de formalización (en virtude da regra de prohibición da contratación verbal polas Administracións públicas) de un contrato xa perfeccionado.

— Por tanto, a sociedade constituída é unicamente un instrumento obrigado (polas condicións establecidas para a contratación neste caso) para a execución do contrato; instrumento que non desvincula ás sociedades adxudicatarias das obrigas contractuais asumidas fronte ao Concello de Vigo en virtude da aceptación da adxudicación, do PCAP do contrato e da propia escritura de constitución e estatutos de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. polas mercantís adxudicatarias da licitación e da que son accionistas.

8. Este carácter instrumental —para a execución do contrato— da mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A. determina que o réxime xurídico aplicable á mesma presente certas especialidades, respecto do propio das sociedades anónimas; especialidades que se manifiestan no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de concesión, concretamente nas cláusulas 20, parágrafos 7) e 8) e 21, parágrafo 3) do PCAP —ás que nos temos referido máis arriba— especificamente deseñadas para afrontar as situacións de desequilibrio patrimonial da sociedade anónima instrumental; sociedade anónima á que, polo seu carácter instrumental, so se lle esixe un mínimo capital social do dez por cen do custe da inversión directa realizada.

9. Ás ditas especialidades se refire o “Dictamen sobre las consecuencias derivadas de eventuales situaciones de desequilibrio patrimonial en la sociedad Pazo de Congressos de Vigo S.A.”, elaborado a solicitude deste Concello de Vigo polo Catedrático de Dereito Mercantil da Universidade de Vigo, Dr. Anxo Tato Plaza e polos profesores da dita cátedra. Dr. Pablo Fernández Carballo-Calero e Dr. Francisco Torres Pérez; ditame no que se conclúe, no que agora importa, o que segue:

«La legislación mercantil vigente contempla tres situaciones específicas de desequilibrio patrimonial: la insolvencia, la existencia de pérdidas que reduzcan el patrimonio neto por debajo de los dos tercios del capital social (siempre que transcurra un ejercicio social sin que se recupere y además se mantenga por encima de la mitad del capital social), y la existencia de pérdidas cualificadas que reduzcan el patrimonio social a una cifra inferior a la mitad del capital social. (...)

(...) en el caso que nos ocupa, el régimen jurídico aplicable a la sociedad “Pazo de Congressos de Vigo S.A.” presenta ciertas especialidades. Estas especialidades se derivan de la presencia, en el pliego de cláusulas administrativas particulares, de varias cláusulas específicamente diseñadas para afrontar las situaciones de desequilibrio patrimonial de la sociedad.

(...) Así, la cláusula 20.7 del pliego contempla una obligación —a cargo de los accionistas— de mantener la sociedad en una situación patrimonial saneada. Dispone esta cláusula lo siguiente: “Los accionistas de la sociedad concesionaria se obligan a mantener la misma en una situación patrimonial saneada, evitando incurrir en los supuestos de desequilibrio patrimonial regulados en la Ley de Sociedades Anónimas. En este sentido, cuando la situación patrimonial de la sociedad concesionaria lo requiera, los adjudicatarios deberán adoptar las medidas contempladas por la normativa mercantil que estimen convenientes, tendentes a sanear dicho patrimonio social”.

(...) En segundo lugar, la cláusula 21.3 del pliego de cláusulas administrativas contempla también la obligación de los accionistas de la sociedad de proceder a la ampliación del capital social en caso de disminución del patrimonio social por debajo de la mitad del capital social. Dispone esta cláusula que “En el caso de pérdidas acumuladas que dejen reducido el patrimonio neto contable por debajo de la mitad del capital social, éste será ampliado a fin de evitar la causa de disolución del artículo 260.4 del texto refundido de la Ley de Sociedades Anónimas”.

(...) Bajo nuestro punto de vista, entre estas dos obligaciones existe una clara relación de especialidad. De suerte que la primera de estas dos obligaciones resulta aplicable ante cualquier situación de desequilibrio patrimonial. En cambio, la obligación de aumentar el capital social se contempla en el pliego de cláusulas administrativas y en los Estatutos de la sociedad para una específica situación de desequilibrio patrimonial: la existencia de pérdidas acumuladas que dejen reducido el patrimonio neto contable por debajo de la mitad del capital social.

(...) La obligación general de saneamiento del patrimonio social prevista en la cláusula 20.7 del pliego de cláusulas administrativas particulares nace, al menos, en aquellas hipótesis en las que el patrimonio neto se haya reducido por debajo de los dos tercios del capital social (siempre que transcurra un ejercicio social sin que se recupere y, además, se mantenga por encima de la mitad del capital social), y en aquellos otros supuestos en los que la sociedad se pueda encontrar en una situación de insolvencia actual o inminente, y siempre que la cifra de patrimonio social no sea inferior a la mitad del capital social.

(...) La cláusula 20.7 del pliego de cláusulas administrativas particulares menciona de forma expresa a los “accionistas de la sociedad concesionaria” como sujetos pasivos de la obligación de saneamiento del patrimonio social. De suerte que son los accionistas de la sociedad Pazo de Congresos de Vigo S.A. quienes vienen obligados a sanear el patrimonio social en caso de que se pueda producir cualquiera de las situaciones a las que hicimos referencia en el apartado anterior.

(...) En lo que respecta a los sujetos activos de dicha obligación, debemos recordar que aquélla aparece contemplada en el pliego de cláusulas administrativas particulares, por lo que no cabe duda de que el cumplimiento de la obligación de saneamiento del patrimonio social puede ser exigida por el Ayuntamiento de Vigo en su condición de Administración concedente. Además de lo anterior, es también una obligación estatutaria asumida por los socios de la sociedad frente a ésta. Y, en consecuencia, es también una obligación cuyo cumplimiento puede ser exigido por la propia sociedad a través de sus administradores. De hecho, en caso de que se produzca alguna de las situaciones de desequilibrio patrimonial que hacen nacer la obligación de saneamiento, los administradores de la sociedad vendrían obligados a exigir a los accionistas el cumplimiento de aquella obligación, pudiendo incurrir en responsabilidad si no lo hacen.

(...) La cláusula 20.7 del pliego de cláusulas administrativas particulares contempla una obligación genérica de sanear el patrimonio de la sociedad, sin identificar los me-

dios a través de los cuales se tiene que producir este saneamiento. En consecuencia, la obligación de saneamiento puede ser cumplida por los accionistas a través de cualquier medio que permita a la sociedad sanear su patrimonio, ya sea para situarlo por encima de los dos tercios del capital social, ya sea para poder cumplir de forma regular sus obligaciones exigibles: nuevas aportaciones de capital, asistencia financiera, etc.

(...) Por otro lado, el deber de lealtad y de defensa de los intereses sociales que impone a los administradores el artículo 226 del Texto Refundido de la Ley de Sociedades de Capital obliga a éstos, en caso de situaciones de desequilibrio patrimonial, a exigir de los accionistas el cumplimiento de su obligación de saneamiento del patrimonio social con carácter previo a cualquier solicitud de declaración de concurso de la sociedad.

(...) la legislación sobre sociedades de capital contempla una concreta hipótesis de desequilibrio patrimonial: la existencia de pérdidas que provoquen una reducción del patrimonio social por debajo de la mitad de la cifra del capital social. Y, para una hipótesis como la descrita, la Ley de Sociedades de Capital impone, bien el aumento o la reducción de capital social, bien la disolución de la sociedad. Ahora bien, una vez más, el pliego de cláusulas administrativas particulares y los Estatutos de la sociedad “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” provocan que, en el caso que nos ocupa, la situación descrita presente unos perfiles específicos. Así, por un lado, **tanto el pliego como los Estatutos prohíben la disolución de la sociedad antes de la extinción de la concesión**. Y, por otro lado, el pliego y los Estatutos imponen a la sociedad la obligación de aumentar su patrimonio social en el caso de que las pérdidas provocasen que su patrimonio quedase reducido a una cifra inferior a la mitad del capital social.

(...) De esta forma, cuando la situación de desequilibrio patrimonial de la sociedad provoca que el patrimonio social se reduzca por debajo de la mitad del capital social, la obligación genérica de saneamiento a la que alude la cláusula 20.7 del pliego de cláusulas administrativas particulares se traduce en una prohibición específica de disolución de la sociedad y en una obligación asimismo específica de aumento del capital social».

10. Finalmente, cumple informar que o incumplimento das obrigas de saneamento do patrimonio social de Pazo de Congresos de Vigo, S.A., asumidas polos seus accionistas tanto fronte ao Concello de Vigo como para coa mercantil executora do contrato, constituiría tamén unha infracción contractual grave, prevista como tal na cláusula 68.2.1.h) —diminución por calquera vía da solvencia da sociedade concesionaria en prexuízo da continuidade e solvencia da concesión—, susceptible de provocar a resolución do contrato que nos ocupa por causa imputable á contratista.

11. Procede, daquela, solicitar do Xulgado do Mercantil núm. 3 da provincia de Pontevedra, con sede en Vigo, competente por razón da materia e do territorio para coñecer da dita comunicación de negociacións do artigo 5 bis, información sobre se tal comunicación foi

efectivamente presentada e, caso de que así fora, persoarse nas actuacións iniciadas a consecuencia da mesma.

12. Igualmente, caso de que se teñan iniciado as ditas negociacións, procede requirir da mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A., dos seus administradores e das mercantís accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. o cumprimento da obriga das accionistas desta de saneamento patrimonial de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., para o caso de que as negociacións non acadaran o resultado pretendido; obriga de saneamento patrimonial que, fracasadas as negociacións, deberá ter lugar, a cargo das accionistas, a través de calquera medio que permita á sociedade instrumental cumprir de forma regular as súas obrigas: novas achegas de capital, asistencia financeira, débeda subordinada, prestamos participativos etc.

Para o cumprimento desta obriga dos accionistas de Pazo de Congressos de Vigo S.A. de saneamento patrimonial desta deberá sinalarse un prazo máximo, que se estima podería ser o de quince días a contar do vencemento do prazo de tres meses, desde a comunicación ao xulgado do mercantil, que o artigo 5 bis da Lei Concursal concede ao debedor para alcanzar os acordos que xustificaron a comunicación.

Así as cousas, proponse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo, (disposición adicional 2ª.3 TRLCSP/2011), a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Solicitar do Xulgado do Mercantil núm. 3 da provincia de Pontevedra, con sede en Vigo se informe a esta Administración municipal de Vigo se a mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A. comunicou a ese xulgado o inicio de negociacións cos acredores da Sociedade para acadar un acordo de refinanciación ou, no seu caso, para obter unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos no artigo 5 Bis da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal.

Segundo.- Para o caso de que tal comunicación fora realizada procédase ao personamento do Concello de Vigo nas actuacións iniciadas a consecuencia da mesma.

Terceiro.- Igualmente, no caso de que a comunicación de negociacións fora realizada, requírase da mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A., dos seus administradores e das mercantís accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. o cumprimento da obriga das accionistas desta de proceder ao saneamento patrimonial de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., prevista na cláusula 20.7 do PCAP do contrato, para o caso de que as ditas negociacións non acadaran o resultado pretendido; obriga de saneamento patrimonial, a cargo dos accionistas, para cuxo cumprimento se fixará o prazo de quince días a contar do vencemento do prazo de tres meses, desde a eventual comunicación ao xulgado, que o artigo 5 bis. 5 da Lei Concursal concede ao debedor para alcanzar os acordos que xustificaron a comunicación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(951).- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO- 2016. EXPTE. 9205/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 27/09/16, do xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, conformado polo xerente da mesma, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

Con data 9 de decembro de 2015 aprobouse con carácter definitivo o Orzamento do Concello para o exercicio 2016, incluíndo o do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo". Dito Orzamento, no seu Anexo de Persoal, incluía un cadro de persoal que foi modificado por acordo plenario de 26.07.2016 (BOP de 5.08.2016 e 9.09.2016), quedando conformado da seguinte maneira:

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA:

DENOMINACION DA PRAZA	NºPRAZAS	ESCALA	SUBESCALA	CLASE
ARQUITECTO	11	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE ADMON.XERAL	12	ADMON.XERAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO SUPERIOR SERVIZOS ECONÓMICOS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE SISTEMAS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO SUPERIOR INDUSTRIAL	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO DA EDIFICACIÓN	2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO TÉCNICO OO.PP.	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUITECTO TÉCNICO	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ENXEÑEIRO TÉCNICO IND.	2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TECNICO MEDIO OBRAS PÚBLICAS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TÉCNICO MEDIO SERV.EC.	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUIVEIRO	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
PROGRAMADOR INFORMATICA	2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
INSPECTORES DE URBANISMO	6	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
ADMINISTRATIVO	30	ADMON.XERAL	ADMVO.	
AUXILIAR TRANSFORMAR ADMINISTRATIVOS	4	ADMON.XERAL	AUXILIAR	
OFICIAL DE OFICIOS	1	ADMON.ESPECIAL	COM.ESP.	
ALGUACIL-NOTIFICADOR-ORDENANZA	2	ADMON.XERAL	SUBALTERNO	

TOTAL = 81

B) ORGANO DIRECTIVO: XERENTE.

TOTAL = 1

TOTAL = 82

Destas prazas se encontran vacantes na actualidade:

- 4 prazas de técnico de administración xeral (2 ocupadas interinamente).
- 1 praza de enxeñeiro superior industrial (ocupada interinamente).
- 1 praza de arquitecto (ocupada interinamente).
- 1 praza de inspector de urbanismo.
- 2 prazas de administrativo (como consecuencia da modificación publicada o 9.09.2016).

- 1 plaza de auxiliar administrativo (producida no mes de agosto deste ano por promoción interna da titular).

II.- Fundamentación xurídica.

Unha vez aprobado o cadro de persoal, de conformidade co previsto no artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a Corporación Local debe formular a súa Oferta de Emprego Público, de forma que a selección do persoal se efectúe a través da mesma, garantindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Consonte ó disposto polo artigo 70.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), *“as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de emprego público...”*.

Os apartados 2º e 3º do propio artigo 70 do TRLEBEP establecen:

“2.- A Oferta de emprego público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondente.

3.- A oferta de emprego público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”

Por outra parte, a Administración ten a obriga de fomentar a promoción interna do seu persoal. O artigo 18.4 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que *“as Administracións Públicas adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional”*. Dita promoción interna configúrase, ademais, como un dos dereitos individuais dos funcionarios (artigo 14.c do propio TRLEBEP).

O artigo 20.Un da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, establece:

“1. A lo largo del ejercicio 2016 únicamente se podrá proceder, en el Sector Público delimitado en el artículo anterior, ... , a la incorporación de nuevo personal con sujeción a los límites y requisitos establecidos en los apartados siguientes, salvo la que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores ...

2. Respetando, en todo caso, las disponibilidades presupuestarias del Capítulo I de los correspondientes presupuestos de gastos, en los siguientes sectores y administraciones la tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 100 por ciento: ... (educación, sanidade, servizos sociais, policía, etc.; sen incluír urbanismo).

3. En los sectores y Administraciones no recogidos en el apartado anterior, la tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 50 por ciento.

4. ... No computarán dentro del límite máximo de plazas derivado de la tasa de reposición de efectivos, aquellas plazas que se convoquen para su provisión mediante procesos de promoción interna.”

III.- Proposta.

Despois da pertinente negociación cos representantes sindicais, decidiuse ofertar por promoción interna as dúas prazas de administrativo e a praza de inspector de urbanismo.

A aprobación da oferta de emprego público, consonte ao artigo 3.8 dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo, resérvase ao Concello de Vigo. Toda vez que a Lei 57/2003, do 16 de decembro, residenciou a competencia de aprobación da oferta de emprego público na Xunta de Goberno Local de forma indelegable (artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local), será este órgano o que aprobe a presente proposta.

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, o Consello da Xerencia propondrá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar a oferta de emprego do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo para o ano 2016, integrada polas seguintes prazas vacantes correspondentes todas a persoal funcionario:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
2	Administrativo	C1	Admón. Xeral	Administrativa	-----	Prom. interna
1	Inspector Urbanismo	C1	Admón. Especial	Técnica	Auxiliar	Prom. interna

Con data 30/09/16, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo acorda “elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(952).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O PRESIDENTE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

David Regades Fernández

Olga Alonso Suárez.